

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

7311 *Real decreto lei 25/2020, do 3 de xullo, de medidas urxentes para apoiar a reactivación económica e o emprego.*

I

A crise sanitaria provocada polo COVID-19 cambiou por completo o escenario económico mundial. As medidas de distanciamento físico e limitacións á mobilidade, necesarias e efectivas para controlar a transmisión do virus, teñen un enorme impacto na actividade produtiva e no benestar dos cidadáns. Estes efectos deixáronse notar tanto na oferta, con severas dificultades para as cadeas de fornecementos e o peche temporal de negocios, como na demanda doméstica e externa, cunha importante repercusión sobre algúns sectores como o turismo, esenciais para a economía española. O peche temporal de negocios, as restricións á libre circulación ou a suspensión de actos públicos teñen un inevitable impacto sobre as empresas, que desempeñan un papel central na creación de emprego e riqueza para o conxunto do país. En tan críticas circunstancias preservar o tecido produtivo e atender as dificultades transitorias das empresas é unha prioridade para superar as consecuencias desta pandemia.

A magnitude do impacto deste *shock* exógeno sobre a economía non ten precedentes na historia recente. A contracción económica afecta un gran número de países, tanto na zona euro como no conxunto da UE e o resto do mundo, con caídas da actividade global que o Fondo Monetario Internacional, nas súas previsións económicas actualizadas para o mes de xuño, estima no -4,9 % en 2020. Todo apunta a unha intensa caída do produto interior bruto de España na primeira parte do ano, especialmente no mes de abril, no contexto de fortes medidas de limitación da mobilidade para lograr conter a expansión do virus.

Para facer fronte a esta situación, o Goberno puxo en marcha unha batería de medidas sen precedentes desde o mes de marzo para apoiar o tecido produtivo e social, minimizar o impacto negativo e lograr soste unha base sobre a que impulsar ao máximo a actividade económica, unha vez finalizada a alarma sanitaria. Mediante os reais decretos lei 7/2020, do 12 de marzo, 8/2020, do 17 de marzo, 11/2020, do 31 de marzo, e 15/2020, do 21 de abril, implementouse un conxunto de medidas de apoio á liquidez, laborais e de sustentamento de rendas, con especial atención aos autónomos. Entre outras actuacións, cabe destacar o establecemento dunha liña de avais por conta do Estado por un importe total de 100.000 millóns de euros, que se foi liberando no período de abril a xuño para cubrir as necesidades de liquidez de empresas e autónomos para facer fronte á xestión de facturas, necesidade de circulante ou vencementos de obrigas financeiras ou tributarias. Esta liña de avais sumábase á ampliación da liña Thomas Cook a 400 millóns de euros para o sector turismo e actividades conexas e á creación dunha liña de cobertura aseguradora de CESCE de ata 2.000 millóns de euros con cargo ao Fondo de Reserva dos Riscos da Internacionalización.

Estas medidas de apoio ao tecido produtivo, aliñadas coas do resto de países europeos, están cumprindo de maneira eficiente o obxectivo fundamental de permitiren que as empresas sigan satisfacendo os seus pagamentos ordinarios, converténdose así na primeira liña de defensa do noso sistema produtivo. España está entre as grandes economías da zona euro con maior emprego dos avais públicos, o que, sen lugar a dúbidas, permitiu mitigar as consecuencias económicas negativas derivadas do confinamento. Das operacións concedidas ata a data de aprobación deste real decreto lei, arredor do 98 por cento foron destinadas á cobertura das necesidades de pequenas e medianas empresas e autónomos.

Un segundo grupo de medidas dirixíronse á protección do emprego, mediante o establecemento dun mecanismo de axuste interno alternativo á destrución de emprego a través dun novo réxime de expedientes de regulación temporal de emprego (ERTE), cun forte apoio público ás retribucións dos traballadores e importantes exoneracións nas cotizacións á Seguridade Social. Máis de 3 millóns de traballadores e 550.000 empresas beneficiáronse deste novo instrumento durante o estado de alarma, para reduciren os seus custos fixos ante a paralización derivada do COVID-19.

Estas medidas de liquidez e laborais únense a case un centenar de medidas destinadas a apoiaren as rendas empresariais e familiares, co fin de contar cunha base sólida para a recuperación, entre as que cabe destacar o establecemento dunha prestación extraordinaria para os traballadores autónomos por peche de actividade ou caída significativa dos ingresos. Máis de 1 millón de persoas puideron beneficiarse desta renda compensatoria, dirixida a un dos colectivos máis vulnerables e máis afectadas pola emerxencia sanitaria.

En conxunto, para facer fronte ao impacto do confinamento na actividade económica, adoptáronse medidas con impacto orzamentario por case o 4 % do PIB e medidas de apoio á liquidez por preto do 11 % do PIB.

En paralelo coas accións nacionais, a Unión Europea despregou un conxunto de instrumentos destinados a reforzar a rede de seguridade para as empresas, os Estados e os traballadores. Ao longo de maio e xuño, aprobáronse os correspondentes regulamentos e cambios normativos para poñer en marcha tres novos instrumentos de financiamento a curto prazo, mediante o novo programa de garantías para investimento empresarial do Banco Europeo de Investimentos, o novo mecanismo comunitario de apoio aos esquemas de protección temporal do emprego (SURE) e unha nova facilidade precautoria do Mecanismo Europeo de Estabilidade (MEDE) para financiar os gastos sanitarios directos e indirectos derivados da loita contra a pandemia.

Tras a finalización do estado de alarma e as consecuentes restricións á actividade e á mobilidade, púxose en marcha unha segunda fase de medidas económicas e sociais para impulsar a reactivación. Unha vez protexida a resistencia da economía durante a fase de hibernación, é esencial adaptar e complementar os distintos instrumentos co fin de consolidar o logrado en termos de protección do tecido produtivo e o emprego, orientando o apoio público cara ao reforzo da solvencia empresarial e ao impulso do investimento necesario para a reconstrución da economía. Hai que evitar que os problemas de liquidez provocados polo confinamento se transformen en problemas de solvencia.

Nesta liña, foi preciso abordar programas sectoriais que respondan ás especiais necesidades daqueles sectores máis afectados pola caída de actividade derivada da pandemia, con carácter estratéxico para o noso país polo seu peso no PIB e o emprego e o seu impacto tractor sobre o conxunto da economía.

Así, os pasados 15 e 18 de xuño presentáronse o Plan de impulso da cadea de valor da industria da automoción e o Plan de impulso para o sector turístico. Parte das medidas económicas e fiscais recollidas nestes plans xa foron incorporadas ao ordenamento xurídico mediante o Real decreto lei 23/2020, do 23 de xuño, polo que se aproban medidas en materia de enerxía e noutros ámbitos para a reactivación económica.

Así mesmo, mediante este real decreto lei adoptáronse un conxunto de medidas para reactivar o mercado das enerxías renovables, aproveitando todo o seu potencial en termos de xeración de emprego, e mediante o Real decreto lei 24/2020, do 26 de xuño, de medidas sociais de reactivación do emprego e protección do traballo autónomo e de competitividade do sector industrial, reforzáronse as medidas de apoio ao sector industrial intensivo no uso da enerxía eléctrica, creando o Fondo Español de Reserva para Garantías Electointensivas para apoiar a subscrición de contratos bilaterais de longo prazo de compra de enerxía co fin de proporcionar un marco de custos estable ás empresas cun alto consumo eléctrico, en particular no ámbito industrial.

Ademais das medidas sectoriais, fóronse adaptando os diferentes instrumentos de apoio de carácter horizontal ás necesidades da fase de reactivación económica. Así, o réxime extraordinario de apoio e facilitación aos expedientes de regulación temporal de

emprego (ERTE) por causas relacionadas co COVID-19, aprobado polo Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, foi prorrogado ata o 30 de xuño e adaptado ao proceso de transición á nova normalidade, incentivando a reactivación de traballadores, mediante o Real decreto lei 18/2020, do 12 de maio, que recolle os termos do Acordo social en defensa do emprego entre os axentes sociais e o Goberno. Unha vez alcanzada a nova normalidade, co fin de incentivar a reincorporación dos traballadores e a reactivación empresarial, o Real decreto lei 24/2020, do 26 de xuño, supuxo un paso máis no apoio aos ERTE como instrumento de reactivación económica, prorrogando o réxime extraordinario ata o 30 de setembro e contando de novo co consenso dos axentes sociais, a través do II Acordo en defensa do emprego. Este marco de apoio sustentado aos ERTE permitiu un importante ritmo de reincorporación de traballadores a partir da fin das medidas de hibernación da economía, acompañando así a fase de reactivación, e facilitando a reincorporación de máis dun millón e medio dos traballadores afectados por ERTE. Así mesmo, o Real decreto lei 24/2020, do 26 de xuño, estendeu ata o 30 de setembro o réxime de protección especial para os traballadores autónomos.

Como complemento destas medidas, é necesario estender os mecanismos de apoio financeiro ao tecido produtivo, co fin de non só garantir a liquidez do sistema senón tamén impulsar o investimento produtivo e a adaptación das empresas, apoiando a solvencia daquelas de carácter estratéxico para evitar que as dificultades transitorias que padecen acaben tendo un impacto social ou económico contrario ao interese xeral. O proceso debe garantir que os recursos públicos de apoio á solvencia se destinan a actividades viables e estratéxicas para o país e que se optimiza o retorno para o contribuínte e para o conxunto da sociedade dos investimentos realizados neste ámbito.

Para loitar contra a crise, potenciar a reconstrución económica e social e fomentar o crecemento futuro, non abonda coa conservación do tecido produtivo, senón que é necesario adaptalo aos cambios estruturais que se van acelerar como consecuencia da crise sanitaria, para o que serán necesarios investimentos tanto públicos como privados. Polo tanto, resulta primordial establecer as facilidades pertinentes para a realización destes investimentos, que se deberán centrar en sectores que fomenten o crecemento potencial da economía, así como a súa sustentabilidade no longo prazo, en particular, na transición dixital e ambiental.

Nesta mesma liña, a Comisión Europea propuxo a creación dun novo instrumento de apoio á solvencia (*Solvency Support Mechanism*), destinado a financiar a través do BEI a toma de participacións no capital de empresas solventes a medio prazo que poidan necesitar un reforzo ante a caída extraordinaria de actividade.

Nesta mesma liña de incrementar a resiliencia da economía española, é vital impulsar a internacionalización das empresas, co fin de amortecer a caída das exportacións nun contexto de importante choque negativo sobre o comercio internacional e as cadeas de produción.

As dificultades que atravesan a nosa economía e o tecido empresarial exigen unha concentración de esforzos, apoiando con fondos públicos a reactivación no segundo semestre de 2020, para apoiar a creación de emprego e o investimento, e lograr recuperar un crecemento robusto e sustentable no período 2021-2022. Con estes obxectivos, o presente real decreto lei aproba un conxunto de medidas de apoio ao sector produtivo, ao emprego e ás rendas, que implican unha destacada mobilización de recursos públicos con efecto inmediato en 2020.

En concreto, en canto ao apoio á solvencia e ao investimento, esténdense e adáptanse as medidas de apoio financeiro mediante a aprobación dunha nova liña de avais ICO de 40.000 millóns de euros, orientada principalmente a financiar investimentos produtivos. Ademais, créase un novo fondo xestionado pola Sociedade Estatal de Participacións Industriais (SEPI) de 10.000 millóns de euros para dar apoio financeiro ás empresas non financeiras estratéxicas solventes que se visen especialmente afectadas polo COVID-19 e que así o soliciten. Por outra parte, co fin de reforzar o apoio á internacionalización das empresas, nun contexto internacional máis complexo marcado pola caída da actividade nos nosos mercados de exportación, esténdense a empresas cotizadas o acceso á liña

extraordinaria de garantías públicas da Compañía Española de Seguro de Crédito á Exportación (CESCE) aprobada mediante o Real decreto lei 8/2020. Na mesma dirección dirixese o reforzo do Fondo de Investimentos no Exterior (FIEX), xestionado por Cofides ampliando de 10 a 100 millóns de euros a dotación deste fondo.

O real decreto lei inclúe, así mesmo, disposicións necesarias para a posta en marcha dos plans de apoio ao sector turístico e de automoción. En primeiro lugar, prevé a adopción dunha medida dirixida a asegurar a protección dos debedores hipotecarios cuxo inmovible se encontre afecto a unha actividade hoteleira, de aloxamentos turísticos e axencias de viaxes, a través do outorgamento dun período de moratoria de ata doce meses para as operacións financeiras subscribas entre os referidos debedores hipotecarios e as entidades de crédito.

En segundo lugar, prevese a creación dos plans de sustentabilidade turística en destinos, co obxecto de fomentar a súa sustentabilidade e establécense disposicións relativas á transformación dixital das empresas turísticas que se viron afectadas por esta crise sanitaria.

En terceiro lugar, para os traballadores fixos descontinuos do sector turístico, dispónse a extensión de bonificacións e a súa compatibilidade con exoneracións de cotizacións á Seguridade Social.

En cuarto lugar, establécense bases precisas para a concesión de axudas para a posta en marcha do programa Renove de apoio á renovación do parque automobilístico, presentado o pasado 15 de xuño polo Goberno.

Por outro lado, co obxectivo de reforzar a solvencia das empresas para afrontar a recuperación económica, esténdese o prazo de suspensión do dereito de separación dos socios.

Así mesmo, inclúese unha disposición de reforzo dos mecanismos de I+D+I, a través do establecemento dunhas regras para arbitrar os mecanismos de colaboración público-privada dos proxectos sanitarios relacionados co coronavirus SARS-COVID-2.

Por último, mediante outra disposición derradeira modifícase o Real decreto lei 20/2020, do 29 de maio, polo que se establece o ingreso mínimo vital.

Por un lado, engádese un novo punto 4 ao artigo 20, co fin de dar a cobertura legal necesaria ao Instituto Nacional de Seguridade Social para facilitarlles ás comunidades autónomas e entidades locais a información necesaria para o recoñecemento e control das prestacións que son da súa competencia, así como a comunicación a calquera das administracións das resolucións relativas ás prestacións do ingreso mínimo vital para a xestión e o control da citada prestación e ás institucións e organismos públicos que o soliciten para que poidan realizar, dentro do ámbito das súas competencias, actuacións derivadas da aplicación do ingreso mínimo vital. Por outro lado, coa adición dun novo parágrafo no punto 3 da disposición transitoria primeira, habilítase a transmisión de información entre o Instituto Nacional da Seguridade Social e as facendas forais en idénticos termos que os previstos en relación coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, o que resulta necesario para a aplicación da citada disposición transitoria nos territorios forais.

En definitiva, todas estas medidas implican a mobilización de máis de 51.000 millóns de euros.

O presente real decreto lei estrutúrase nunha exposición de motivos, dous capítulos, 52 artigos, cinco disposicións adicionais e nove disposicións derradeiras.

II

En primeiro lugar, apróbase unha liña de avais que ten por obxectivo fomentar o financiamento dirixido ao investimento, a diferenza da anterior liña que se dirixía principalmente a facer fronte ás necesidades de liquidez provocadas polo confinamento. Durante o confinamento, a prioridade dos avais públicos centrouse en atallar os problemas de liquidez derivados da falta de actividade económica e que acabarían xerando fortes externalidades negativas e efectos en cadea sobre o conxunto da cadea produtiva, ao repercutir sobre provedores, traballadores e clientes. Agora que as empresas e os

autónomos retornan ás súas actividades cotiás, poderán cubrir as necesidades de liquidez polos seus propios medios sen que haxa un apoio público extraordinario. Non obstante, para que a economía española poida medrar, é fundamental que se impulse a actividade investidora, para o que se crea esta nova liña de avais. Ao igual que a anterior liña de avais, esta permitirá a liberación de recursos do sector privado, facilitando cubrir a caída do investimento estimado e fomentalo aló onde xere maior valor engadido, especialmente arredor de dous eixes principais: a sustentabilidade ambiental e a dixitalización. A liña de avais terá un importe máximo de 40.000 millóns de euros e será outorgada polo Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital para favorecer o financiamento concedido por entidades financeiras supervisadas a empresas e autónomos para a realización de investimentos. Na medida en que o funcionamento da liña de avais prevista no Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, foi moi satisfactorio, neste caso prevese replicar a mesma operativa, mediante a aprobación de sucesivos acordos de Consello de Ministros, que determinarán as condicións exactas en que se irán liberando os distintos tramos de avais.

En segundo lugar, establécese a creación do Fondo de Apoio á Solvencia de Empresas Estratéxicas, co obxectivo de compensar o impacto da emerxencia sanitaria no balance de empresas solventes consideradas estratéxicas para o tecido produtivo e económico. Créase o Consello Xestor do Fondo de Apoio á Solvencia de Empresas Estratéxicas, cuxa composición e funcionamento será determinado mediante acordo de Consello de Ministros. O Fondo de Apoio á Solvencia de Empresas Estratéxicas será xestionado polo Consello Xestor a través da Sociedade Estatal de Participacións Industriais (SEPI), terá un carácter temporal e disporá dunha dotación inicial de 10.000 millóns de euros para a toma de instrumentos financeiros, incluíndo débeda, instrumentos híbridos ou participacións no capital social das empresas anteriormente referidas. As axudas en forma de recapitalización teñen como obxectivo dar resposta a aquelas situacións en que o crédito ou as medidas de liquidez non fosen suficientes para aseguraren o mantemento da actividade de empresas que atravesan severas dificultades de carácter temporal a consecuencia da pandemia do COVID-19. Trátase dunha medida de intervención de último recurso e temporal que se vai aplicar, precedendo solicitude dos beneficiarios, exclusivamente para empresas consideradas estratéxicas para o tecido produtivo nacional ou rexional, entre outros motivos, polo seu sensible impacto social e económico, a súa relevancia para a seguridade, a saúde das persoas, as infraestruturas, as comunicacións ou a súa contribución ao bo funcionamento dos mercados. As operacións con cargo ao fondo levaranse a cabo logo de solicitude por parte da empresa interesada.

As axudas canalizadas a través do Fondo de Apoio á Solvencia de Empresas Estratéxicas deben cumprir coa normativa da Unión Europea en materia de axudas estatais, en particular coa modificación adoptada o pasado 8 de maio pola Comisión Europea con respecto do «Marco temporal relativo ás medidas de axuda estatal destinadas a apoiar a economía no contexto do actual abrocho de COVID-19». Este marco temporal revisado establece as condicións de compatibilidade das axudas en forma de achegas de capital ou instrumentos híbridos de débeda coa normativa da Unión Europea. As axudas en forma de recapitalización deben estar suxeitas a plans de desinvestimento da participación estatal que, en todo caso, será remunerada en liña co disposto no referido marco temporal e cumprirán co resto dos requisitos establecidos neste.

Para finalizar, e co fin de facer fronte aos efectos económicos desencadeados polo COVID-19 e co fin de facilitar o acceso ao financiamento para o comercio internacional para aquelas empresas que poidan verse máis afectadas polas restricións de liquidez, o recente Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, recolle a concesión de apoio a empresas exportadoras mediante a articulación dunha liña extraordinaria de cobertura de crédito circulante xestionada por CESCE.

Inicialmente, a liña extraordinaria de cobertura de crédito circulante por parte de CESCE articulouse para pemes e empresas non cotizadas e excluíu as empresas cotizadas ao entender que, de forma xeral, teñen un mellor acceso ao financiamento. Na actual pandemia, o impacto da crise estase deixando sentir de igual maneira en todos os

segmentos empresariais. O sector de actividade está sendo máis determinante que o tamaño da empresa. Algunhas das empresas cotizadas están encontrando dificultades de acceso ao financiamento e a súa exclusión da liña dificulta, ademais, a utilización dos seus bancos habituais.

Hai que ter en conta o grande impacto no emprego dalgunhas destas empresas cotizadas, non só nos seus cadros de persoal directos senón nos seus efectos indirectos que xeran ao seu redor. Por esta razón, considérase adecuado estender a posibilidade de uso da liña ás empresas cotizadas, e queda a liña extraordinaria de CESCE fronte aos efectos do COVID-19 destinada ás empresas internacionalizadas, calquera que sexa o seu tamaño ou estrutura corporativa ou societaria. Sen prexuízo do anterior, e para asegurar unha adecuada diversificación do uso da liña por empresas, as empresas cotizadas só poderán ser beneficiarias de ata un máximo do 35 % do importe da liña.

III

A cadea de valor do turismo é unha das actividades económicas máis afectadas pola actual crise sanitaria do coronavirus. En efecto, a crise sanitaria derivada da pandemia do COVID-19 tivo un impacto importante sobre a mobilidade e sobre o sector turístico, que desenvolve a súa actividade nun contorno económico globalizado, profundamente cambiante, no cal unha epidemia coma a actual provocou un importante cambio no comportamento da demanda, en función da incerteza que xera e a súa expansión e contaxio.

Máis aló dos efectos que poida ter en moitos sectores económicos e na súa cadea de produción, o abrocho de COVID-19 está tendo un impacto moi directo e extraordinario sobre o turismo mundial. O pasado día 7 de maio, a Organización Mundial do Turismo revisou as súas perspectivas para 2020 e estimou unha caída nas chegadas de turistas internacionais ente o 60 e o 80 % en relación con 2019, o que suporía unha perda de entre 910.000 millóns e 1,2 billóns de dólares dos EE.UU. en ingresos por exportacións do turismo. En España, só no mes de abril se perderon máis de 7 millóns de turistas internacionais e un gasto asociado de 7.000 millóns de euros (datos de Frontur ou Egatur correspondentes a abril de 2019, INE).

Por estas razóns, o Goberno presentou un Plan de impulso para o sector turístico, dotado con 4.262 millóns de euros que, entre outras medidas, prevé a adopción con carácter urxente dunha medida para protexer os debedores hipotecarios cuxo inmovible se encontre afecto a algunha das seguintes actividades turísticas: hoteis e aloxamentos turísticos similares, aloxamentos turísticos e outros aloxamentos de curta estada, así como axencias de viaxe.

En virtude da dita moratoria, as entidades financeiras procederán, por solicitude dos debedores, á novación de todas aquelas operacións de financiamento vinculadas a elementos patrimoniais afectos á actividade turística, subscritas con anterioridade á declaración do estado de alarma en que o beneficiario sexa unha persoa física ou xurídica que non estea en concurso de acredores desde antes da declaración do estado de alarma, que experimente dificultades financeiras como consecuencia do COVID-19 e sempre que o préstamo non sexa xa beneficiario dunha ou varias moratorias legal, sectorial ou voluntaria que alcancen conxuntamente os doce meses. Durante a moratoria aboaránese só xuros da débeda hipotecaria e non se amortizará o capital. Así mesmo, a obriga financeira estenderáse ata un máximo de doce meses máis ou o importe aprazado redistribuiráse entre as cotas restantes sen modificar a data pactada de vencemento.

A carencia recaería sobre préstamos hipotecarios que teñen como garantía un ben inmovible que se encontre afecto ao desenvolvemento dunha actividade económica do sector turístico exercida en territorio nacional. Os beneficiarios serían hoteis e aloxamentos turísticos similares, aloxamentos turísticos e outros aloxamentos de curta estada, así como axencias de viaxe.

Por outra parte, bonifícase o pagamento dos aranceis notariais e do Rexistro da propiedade a que desen lugar as operacións de implementación desta medida, así como de calquera tipo de imposto ou gravame.

Xunto ao anterior, á parálise e á incerteza do sector turístico únense os necesarios investimentos que deben realizar para reabrir cumprindo os protocolos hixiénico-sanitarios establecidos para a «nova normalidade». Neste escenario, no que se producirá unha caída sen precedentes do turismo internacional, o Programa de plans de sustentabilidade turística en destinos pretende contribuir a que a recuperación sexa máis responsable e sustentable.

Por outro lado, como parte do mencionado Plan de impulso sector turístico, a Secretaría de Estado de Turismo vai instrumentar, de maneira excepcional en 2020, unha liña de préstamos de 216 millóns de euros para cubrir as necesidades de investimento en materia de transformación dixital de empresas turísticas e traballadores autónomos afectados pola crise do COVID-19 con tipo de xuro bonificado e amplos prazos de carencia que financien proxectos que promovan a transformación dixital e a investigación, desenvolvemento e innovación do sector turístico.

Estas medidas deben acometerse sen demora para evitar a destrución do emprego e a perda da competitividade da industria turística española que conduza a unha situación de desvantaxe nos mercados europeos e internacionais.

Trátase de préstamos de liquidez que cubrirán as necesidades de investimento que requiren as empresas turísticas afectadas pola crise do COVID-19 e que necesitan liquidez inmediata para relanzar a súa competitividade e conseguir o seu reposicionamento no mercado, e permitir, desta maneira, unha recuperación futura máis rápida e sustentable, contribuíndo ao mantemento do emprego tras a crise. A unhas necesidades tan específicas a Administración debe responder de forma que os prazos e criterios sexan idénticos en todo o territorio nacional, o cal unicamente se garante cunha xestión centralizada podería alcanzar o principal obxectivo delas, facilitar financiamento urxente ás empresas. Así, estas circunstancias impiden a previa territorialización dos créditos entre as comunidades autónomas e exixen a intervención da Administración xeral do Estado para garantir unha certa igualdade dos posibles destinatarios en todo o territorio nacional.

Desde o punto de vista do emprego, a situación excepcional provocada polo COVID-19 está tendo unha especial incidencia no emprego dos traballadores fixos descontínuos que traballan no sector turístico e nos sectores vinculados a el en todas as comunidades autónomas. Constatouse na actual crise que un dos principais sectores económicos afectados está sendo o sector turístico, e iso polas restricións á libre circulación de persoas e a suspensión das actividades abertas ao público, e particular as de hostalaría e restauración, decretadas durante o estado de alarma declarado polo Real decreto 463/2020, do 14 de marzo. Ben que inicialmente pola menor demanda de servizos turísticos pola incerteza e o efecto precaución polo Real decreto lei 7/2020, do 12 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes para responder ao impacto económico do COVID-19, se ampliou aos meses de febreiro a xuño de 2020 a aplicación da bonificación por prolongación do período de actividade dos traballadores con contratos fixos descontínuos respecto daqueles traballadores que poden verse máis afectados pola situación excepcional mencionada en todas as comunidades autónomas, a prolongación do estado de alarma, así como o gradual retorno ás actividades de turismo, e comercio e hostalaría vinculados ao turismo durante o proceso de desescalada das ditas medidas e unha vez que se entre na nova normalidade unha vez finalizado o dito proceso, fan necesaria a extensión de forma excepcional das ditas bonificacións en todas as comunidades autónomas durante os meses de xullo a outubro de 2020, así como facer compatibles as bonificacións coas exoneracións das cotas da Seguridade Social.

IV

Noutro ámbito de cousas, no caso do sector de automoción español, as estimacións para finais deste ano indican que o mercado retrocedería un 45 por cento e a produción podería diminuír en 700.000 unidades. É, por tanto, a cadea de valor da automoción unha das actividades económicas industriais e comerciais máis afectadas pola actual crise sanitaria do coronavirus.

No actual proceso de reconstrución económica e social que é necesario acometer para facer fronte aos efectos negativos derivados da pandemia, o Goberno presentou o 15 de xuño de 2020 un Plan de impulso á cadea de valor da industria de automoción, que contén 21 medidas estruturadas ao redor de cinco alicerces, un dos cales é a renovación do parque de vehículos cara a outro máis moderno e eficiente. Preséntase, así, o Programa de renovación de vehículos 2020 (Programa Renove 2020).

O obxectivo deste programa é a substitución dos vehículos máis antigos por modelos máis limpos e máis seguros, incorporando criterios ambientais. Mediante a adopción dun enfoque de neutralidade tecnolóxica, este programa incentiva a substitución de vehículos contaminantes en circulación por vehículos novos de menores emisións e de todas as tecnoloxías dispoñibles actualmente: vehículos eléctricos, híbridos, de hidróxeno, de combustión, GLP e gas natural. Cun enfoque amplo, o programa apoia a compra de vehículos pertencentes ás categorías máis relevantes, desde turismos e vehículos comerciais lixeiros, ata vehículos industriais pesados e autobuses.

Neste sentido, e no que respecta ao principio de necesidade, no marco internacional hai que salientar os compromisos fixados colectivamente desde a Unión Europea para o 2030 respecto da mellora da eficiencia enerxética, a penetración das enerxías renovables e as reducións de gases de efecto invernadoiro. A nivel nacional, o sector do transporte en España é responsable na actualidade do 39 por cento do consumo de enerxía final, e representa máis da cuarta parte das emisións totais de CO₂, correspondéndolle ao transporte por estrada o 80 por cento do consumo enerxético do sector do transporte e o 90 por cento das súas emisións de CO₂. A renovación do parque por substitución de antigos vehículos por novos modelos suporá un enorme avance neste sentido.

V

Á vista do impacto económico derivado da crise sanitaria do COVID-19, resulta conveniente estender o prazo de suspensión do dereito de separación dos socios unicamente no suposto de separación por falta de dividendos, tal e como se establece no artigo 348 bis.1 e 4 do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo. Desta forma, permitirase a retención do dividendo para que as empresas poidan afrontar a recuperación económica cunha solvencia reforzada. A suspensión do dereito de separación esténdese só o necesario para conseguir o obxectivo descrito, isto é, ata o 31 de decembro de 2020.

Resulta, así mesmo, fundamental proceder, no ámbito do financiamento público de proxectos de I+D+I relacionados coa emerxencia sanitaria provocada polo coronavirus SARS-COVID-2, a regular a adecuada aplicación dos ditos fondos, garantindo, en todo caso, que, cando o resultado do correspondente proxecto dea lugar a un medicamento ou un produto sanitario, ou produtos intermedios para a súa ulterior transformación industrial en medicamentos ou produtos sanitarios, ou os equipamentos, modelos, prototipos, sistemas ou enxeñarías de proceso necesarios para o seu desenvolvemento, e sempre que haxa dificultades na escalada e produción destes que poidan dar lugar ao seu desabastecemento, se poidan arbitrar mecanismos de colaboración para superar estes obstáculos.

Estes mecanismos, que implican a cooperación entre o axente financiador e a entidade que desenvolva o correspondente proxecto, recollerán a suxeición da exportación dos produtos resultantes da investigación á autorización previa da Axencia Española de Medicamentos e Produtos Sanitarios (AEMPS), e habilitarán as autoridades sanitarias para determinar o seu abastecemento centralizado.

O acordo de colaboración deberá subscribirse baixo calquera forma permitida en dereito e, en caso de ser un contrato, deberá axustarse ao disposto na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, e deberá rexerse en todo caso polo principio de proporcionalidade e limitarse a garantir o obxectivo da adecuada protección da saúde pública.

VI

O artigo 86 da Constitución española permite ao Goberno ditar decretos leis «en caso de extraordinaria e urxente necesidade», sempre que non afecten o ordenamento das institucións básicas do Estado, os dereitos, deberes e liberdades dos cidadáns regulados no título I da Constitución, o réxime das comunidades autónomas nin o dereito electoral xeral. A adopción de medidas de carácter económico acudindo ao instrumento do real decreto lei foi avalada polo Tribunal Constitucional sempre que concorran unha motivación explícita e razoada da necesidade, entendendo por tal que a conxuntura económica exige unha rápida resposta, e a urxencia, asumindo como tal que a dilación no tempo da adopción da medida de que se trate mediante unha tramitación pola canle normativa ordinaria podería xerar algún prexuízo.

O real decreto lei constitúe un instrumento constitucionalmente lícito, sempre que o fin que xustifica a lexislación de urxencia sexa, tal como reiteradamente exixiu o noso Tribunal Constitucional (sentenzas 6/1983, do 4 de febreiro, F 5; 11/2002, do 17 de xaneiro, F 4; 137/2003, do 3 de xullo, F 3, e 189/2005, do 7 xullo, F 3), acorrer unha situación concreta, dentro dos obxectivos gobernamentais, que por razóns difíciles de prever require unha acción normativa inmediata nun prazo máis breve que o requirido pola vía normal ou polo procedemento de urxencia para a tramitación parlamentaria das leis, máxime cando a determinación do dito procedemento non depende do Goberno. É manifesta a necesidade de acudir a este instrumento normativo ante a grave situación que vén soportando o noso país desde a declaración de emerxencia de saúde pública de importancia internacional, que impuxo a necesidade de declarar o estado de alarma e que supuxo á cidadanía, traballadores, empresas e sector público un sacrificio que demanda unha resposta adicional dos poderes públicos.

En definitiva, as circunstancias actuais requiren dunha política pública destinada a cumprir uns obxectivos ben definidos polo Goberno e cuxa materialización require dunha extraordinaria e urxente implementación e do seu impulso neste momento que motivan a urxente necesidade de aprobar este real decreto lei e que se inscribe no xuízo político ou de oportunidade que corresponde ao propio Goberno (SSTC 61/2018, do 7 de xuño, FX 4; 142/2014, do 11 de setembro, FX 3) e esta decisión, sen dúbida, supón unha ordenación de prioridades políticas de actuación (STC, do 30 de xaneiro de 2019, recurso de inconstitucionalidade núm. 2208-2019), centradas no cumprimento da seguridade xurídica e a saúde pública.

Como o Tribunal Constitucional tivo ocasión de subliñar «o feito de que unha materia estea reservada á lei ordinaria, con carácter absoluto ou relativo, non exclúe *eo ipso* a regulación extraordinaria e provisional desta mediante decreto lei» (SSTC 60/1986, FX 2; 182/1997, FX 8; 100/2012, FX 9, 35/2017, do 1 de marzo, FX 5).

Os motivos de oportunidade que acaban de expoñerse demostran que, en ningún caso, o presente real decreto lei desborda ou constitúe un suposto de uso abusivo ou arbitrario deste instrumento constitucional (SSTC 61/2018, do 7 de xuño, FX 4; 100/2012, do 8 de maio, FX 8; 237/2012, do 13 de decembro, FX 4, 39/2013, do 14 de febreiro, FX 5). Ao contrario, todas as razóns expostas xustifican ampla e razoadamente a adopción da presente norma (SSTC 29/1982, do 31 de maio, FX 3; 111/1983, do 2 de decembro, FX 5, 182/1997, do 20 de outubro, FX 3).

Pola súa vez, as medidas establecidas polo real decreto lei non lesionan dereitos constitucionais e respectan o contido esencial da propiedade privada e a libre empresa consagrados no artigo 33 e 38, respectivamente, da Constitución española. Estas medidas axústanse aos parámetros de constitucionalidade que se viñeron establecendo

En relación co emprego do real decreto lei como instrumento para a introdución destas modificacións no ordenamento xurídico, débense ter en conta dous aspectos referidos ás materias vedadas a este instrumento normativo e á concorrencia dos presupostos habilitantes que xustifican a utilización desta clase de norma. En relación cos primeiros, como sinala o artigo 86.1 da nosa Constitución, os reais decretos leis «non poderán afectar o ordenamento das institucións básicas do Estado, os dereitos, deberes e liberdades dos

ciudadáns regulados no título I, o réxime das comunidades autónomas nin o dereito electoral xeral». No caso do presente real decreto lei non se afecta ningunha destas materias.

En efecto, as regulacións que se incorporan á norma non supoñen unha afección do núcleo esencial de ningún dos anteriores elementos, posto que non se regula ningunha institución básica do Estado, non se afecta a natureza dos dereitos e deberes dos cidadáns, non se incorporan afeccións ao réxime das comunidades autónomas, posto que non é obxecto de ningunha destas medidas, e tampouco ten relación ningunha co réxime electoral, de modo que nada hai no seu contido que obste a súa aprobación neste punto.

De conformidade co disposto no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o presente real decreto lei axústase aos principios de boa regulación.

Así, de acordo cos principios de necesidade e eficacia, a iniciativa fundaméntase no interese xeral que supón atender as circunstancias sociais e económicas excepcionais derivadas da crise de saúde pública provocada polo COVID-19, este é o momento de adoptar medidas adicionais para acorrer estas necesidades e constitúe o real decreto lei o instrumento máis adecuado para garantir a súa consecución.

A norma é acorde co principio de proporcionalidade ao conter a regulación imprescindible para lograr o obxectivo de garantir o benestar de todos os cidadáns e dos traballadores en particular e minimizar o impacto na actividade económica ante a situación excepcional actual.

Igualmente, axústase ao principio de seguridade xurídica e é coherente co dereito da Unión Europea e o resto do ordenamento xurídico, seguindo os principios reitores da política social e económica.

En canto ao principio de transparencia, exceptúanse os trámites de consulta pública e de audiencia e información públicas, conforme o artigo 26.11 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno.

Por último, en relación co principio de eficiencia, este real decreto lei non impón carga administrativa que non se encontre xustificada e resulte a mínima e, en todo caso, proporcionada, en atención á particular situación existente e á necesidade de garantir o principio de eficacia na aplicación das medidas adoptadas.

Por tanto, no conxunto e en cada unha das medidas que se adoptan, concorren, pola súa natureza e finalidade, as circunstancias de extraordinaria e urxente necesidade que exige o artigo 86 da Constitución española como presupostos habilitantes para a aprobación dun real decreto lei.

Este real decreto lei dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.1.^a, 6.^a, 7.^a, 8.^a, 10.^a, 11.^a, 13.^a, 14.^a, 15.^a, 17.^a, 18.^a, 23.^a e 25.^a da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre a regulación das condicións básicas que garantan a igualdade de todos os españois no exercicio dos dereitos e no cumprimento dos deberes constitucionais; lexislación mercantil, penal e penitenciaria; lexislación procesual, sen prexuízo das necesarias especialidades que nesta orde deriven das particularidades do dereito substantivo das comunidades autónomas; lexislación laboral; lexislación civil; do réxime allfandegueiro e arancelario e comercio exterior; bases da ordenación de crédito, banca e seguros; sobre as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica; facenda xeral e débeda do Estado; fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica; lexislación básica e réxime económico da Seguridade Social; bases do réxime xurídico das administracións públicas; lexislación básica sobre contratos e concesións administrativas; telecomunicacións; tráfico e circulación de vehículos de motor, lexislación básica sobre protección do ambiente, sen prexuízo das facultades das comunidades autónomas de establecer normas adicionais de protección e bases do réxime mineiro e enerxético.

Na súa virtude, facendo uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta da vicepresidenta terceira do Goberno e ministra de Asuntos Económicos e Transformación Dixital e dos ministros de Xustiza, de Facenda, de Traballo e Economía Social, de Industria, Comercio e Turismo, de Ciencia e Innovación e de

Inclusión Seguridade Social e Migracións, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 3 de xullo de 2020,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Medidas de apoio ao investimento e á solvencia

Liña de avais para investimentos

Artigo 1. *Aprobación dunha liña para a cobertura por conta do Estado do financiamento outorgado por entidades financeiras supervisadas a empresas e autónomos coa finalidade principal de financiar investimentos.*

1. Co fin de fomentar a recuperación económica do país, o Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital outorgará avais ao financiamento concedido por entidades financeiras supervisadas a empresas e autónomos para atender, principalmente, as súas necesidades financeiras derivadas da realización de novos investimentos.

2. O Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital poderá conceder avais por un importe máximo de 40.000 millóns de euros, ata o 31 de decembro de 2020. As condicións aplicables e requisitos que teñen que cumprir, incluíndo o prazo máximo para a solicitude do aval, serán establecidos por acordo de Consello de Ministros, sen que se requira desenvolvemento normativo posterior para a súa aplicación.

3. Os avais regulados nesta norma e as condicións desenvolvidas no acordo de Consello de Ministros cumprirán coa normativa da Unión Europea en materia de axudas de Estado.

4. Os importes correspondentes á execución dos avais outorgados polo Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital ao financiamento concedido a empresas e autónomos en virtude do establecido neste artigo atenderanse desde a partida orzamentaria do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital 27.04.923O.351 «Cobertura de riscos en avais prestados polo Tesouro, incluídos os riscos de exercicios anteriores». Este crédito ten o carácter de ampliable, segundo o anexo II «Créditos ampliables» da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para 2018, de conformidade co previsto no artigo 54 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, e seralle de aplicación o disposto no artigo 59 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, no relativo aos avais outorgados en virtude deste artigo.

Autorízase a Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira para realizar os pagamentos correspondentes ás execucións do aval mediante operacións de tesouraría con cargo aos conceptos específicos que se creen para tal fin.

Con posterioridade á realización dos pagamentos, a Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira procederá á aplicación ao orzamento de gastos dos pagamentos realizados no exercicio. Os pagamentos efectuados no mes de decembro de cada ano aplicaranse ao orzamento de gastos no trimestre inmediatamente seguinte.

Fondo de Apoio á Solvencia de Empresas Estratéxicas

Artigo 2. *Creación dun fondo de apoio á solvencia de empresas estratéxicas.*

1. De conformidade co previsto no artigo 137 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, créase o Fondo de Apoio á Solvencia de Empresas Estratéxicas, fondo carente de personalidade xurídica» (en diante, o «fondo»), adscrito á Administración xeral do Estado, a través do Ministerio de Facenda. Créase o Consello Xestor do Fondo de Apoio á Solvencia de Empresas Estratéxicas, cuxa composición e funcionamento será determinado mediante o Acordo de Consello de Ministros a que se

refire o punto 15. O fondo será xestionado, a través da Sociedade Estatal de Participacións Industriais (SEPI), polo Consello Xestor, órgano colexiado interministerial adscrito ao Ministerio de Facenda a través da Subsecretaría de Facenda.

2. O fondo ten por obxecto achegar apoio público temporal para reforzar a solvencia empresarial, en particular mediante a concesión de préstamos participativos, débeda subordinada, subscripción de accións ou outros instrumentos de capital, a empresas non financeiras, que atravesen severas dificultades de carácter temporal a consecuencia da pandemia do COVID-19 e que sexan consideradas estratéxicas para o tecido produtivo nacional ou rexional, entre outros motivos, polo seu sensible impacto social e económico, a súa relevancia para a seguridade, a saúde das persoas, as infraestruturas, as comunicacións ou a súa contribución ao bo funcionamento dos mercados. As operacións con cargo ao fondo levaranse a cabo logo de solicitude por parte da empresa interesada.

3. A dotación inicial do fondo ascende a 10.000 millóns de euros. Integraranse no Tesouro Público o importe dos dividendos, xuros, plusvalías e calquera outra remuneración que resulte dos investimentos ou operación que se realicen, da participación, se é o caso, nos órganos de Administración das empresas solicitantes, así como os resultados dos desinvestimentos e reembolsos efectuados, minorándose polas minusvalías e gastos.

As cantidades que se deban ingresar no Tesouro Público terán a consideración de ingresos de dereito público, e resultará de aplicación para a súa cobranza o previsto na Lei xeral orzamentaria.

Para os efectos indicados no punto anterior, concédese un crédito extraordinario ao orzamento en vigor da sección 15 «Ministerio de Facenda», servizo 01 «Ministerio, Subsecretaría e Servizos Xerais», programa 923M «Dirección e Servizos Xerais de Facenda», capítulo 8 «Activos financeiros», artigo 87 «Achegas patrimoniais», concepto 879 «Acheqa patrimonial ao Fondo de Apoio á Solvencia de Empresas Estratéxicas», por importe de 10.000 millóns de euros. O crédito extraordinario que se concede neste punto financiarase de conformidade co artigo 46 da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para 2018.

No anexo I inclúese o orzamento de explotación e de capital para o exercicio 2020 do fondo.

4. O Fondo de Apoio á Solvencia de Empresas Estratéxicas réxese polo disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, no presente real decreto lei e no resto das normas de dereito administrativo xeral e especial que lle resulten de aplicación.

5. O fondo forma parte do sector público estatal como fondo sen personalidade xurídica para os efectos do artigo 2.2.f) da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, e está suxeito ao réxime de orzamentación, contabilidade e control previsto nela. Para os efectos de rendición de contas ante o Tribunal de Contas, terá a condición de contadante o presidente do Consello Xestor.

6. A competencia para resolver sobre as solicitudes do punto 2 desta disposición corresponde ao Consello Xestor, e será necesaria a autorización do Consello de Ministros para a aprobación das operacións.

7. O prazo máximo para resolver será de seis meses contados desde a presentación da solicitude da empresa. Transcorrido o prazo máximo para resolver sen que se dite e notifique resolución expresa, entenderase que a solicitude foi desestimada. As resolucións do Consello Xestor poñen fin á vía administrativa e fronte a elas poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo.

8. En todas as operacións e accións relativas ao fondo, a SEPI actuará en nome e representación da Administración xeral do Estado, exercendo de depositario dos títulos e contratos representativos das operacións de activo realizadas, así como exercendo os dereitos que como administrador puidese corresponder á participación da Administración xeral do Estado. Todas as operacións efectuadas con cargo ao fondo serán rexistradas nunha contabilidade específica, separada e independente da dos membros do Consello Xestor. As responsabilidades do fondo limitaranse, exclusivamente, a aquelas contraídas polo Consello Xestor.

Non formarán parte do patrimonio da Administración xeral do Estado as participacións, accións, títulos e demais instrumentos que puidese adquirir aquela con cargo ao fondo e non lles resultará de aplicación o previsto no título VII da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas.

9. Para o desenvolvemento das actuacións que correspondan á SEPI en execución do presente real decreto lei, a dita entidade poderá contratar con cargo ao fondo todos aqueles servizos de apoio externo que sexan necesarios para a efectividade e posta en marcha, desenvolvemento e execución do fondo e de todas as operacións financiadas con cargo a este. Poderá contratar os ditos servizos que resulten de inaprazable necesidade conforme a excepción prevista no artigo 120 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, de concorreren as circunstancias nel previstas.

10. Anualmente, con cargo ao fondo e logo de autorización por Acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, os custos en que incorrese a SEPI no desenvolvemento e execución das súas funcións de xestión delegada do fondo no exercicio anterior serán obxecto da correspondente compensación económica.

11. Todas as transmisións patrimoniais, operacións societarias e actos derivados, directa ou indirectamente da aplicación desta disposición e, incluso, as achegas de fondos ou ampliacións de capital que, eventualmente, se executen para a capitalización e/ou reestruturación financeira e patrimonial das empresas participadas con cargo ao fondo, estarán exentos de calquera tributo estatal, autonómico ou local, sen que proceda, neste último caso, a compensación a que se refire o artigo 9.2 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. Igualmente, todas as transmisións, operacións e actos antes mencionados gozarán de exención do pagamento de calquera arancel e honorario profesional devindicado pola intervención de fedatarios públicos e de rexistradores da propiedade e mercantís.

12. En supostos de participación no capital social da empresa, os votos que corresponden ao Consello Xestor, os seus conseguintes dereitos políticos e a súa incorporación ao órgano de Administración da entidade mediante a designación do número de conselleiros equivalente á súa cota de participación redondeada ao número enteiro máis próximo determinaranse sen necesidade de ningún acto ou acordo salvo a notificación ao Rexistro Mercantil.

13. A responsabilidade que nos casos previstos nas leis lle puiden corresponder, se é o caso, ao empregado público como membro dos consellos de administración das empresas obxecto de participación no seu capital social, será directamente asumida pola Administración. O Consello Xestor poderá exixir de oficio ao empregado público a responsabilidade en que incorrese polos danos e perdas causados nos seus bens ou dereitos cando concorrese dolo, culpa ou negligencia grave, conforme o previsto nas leis administrativas en materia de responsabilidade patrimonial.

14. A adquisición das participacións no capital social con cargo ao fondo quedará exenta da obriga de formular oferta pública de adquisición nos supostos previstos nos artigos 128 e 129 do Real decreto legislativo 4/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do mercado de valores.

15. O funcionamento, mobilización de recursos e liquidación do fondo, así como as condicións aplicables e requisitos que se deben cumprir nas operacións do punto 2 desta disposición determinaranse por Acordo de Consello de Ministros, sen requirir ulterior desenvolvemento normativo.

16. As operacións financiadas polo fondo axustaranse á normativa de axudas de Estado da Comisión Europea e, en particular, á Comunicación da Comisión Europea sobre o marco temporal relativo ás medidas de axuda estatal destinadas a apoiar a economía no contexto do actual abrocho de COVID-19.

17. Os datos, documentos e informacións que consten en poder do Consello Xestor e da SEPI en virtude das funcións que lles encomenda este real decreto lei terán carácter reservado e, coas excepcións previstas na normativa vixente, non poderán ser divulgados a ningunha persoa ou autoridade, nin utilizados con finalidades distintas daquelas para as que foron obtidos. Quedarán tamén obrigadas a gardar segredo e a non utilizar a

información recibida con finalidades distintas daquela para a que lles sexa subministrada os auditores de contas, asesores legais e demais expertos independentes que poidan ser designados polo Consello Xestor e pola SEPI en relación co cumprimento das funcións que teñen legalmente atribuídas. Este carácter reservado cesará desde o momento en que os interesados fagan públicos os feitos a que os datos, documentos e informacións se refiren.

18. A supresión do fondo será acordada mediante orde ditada pola ministra de Facenda, logo de informe da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.

19. No momento da supresión do Fondo de Apoio á Solvencia de Eempresas Estratéxicas, o saldo será ingresado no Tesouro.

CAPÍTULO II

Outras medidas de apoio á reactivación económica

Moratoria hipotecaria para o sector turístico

Artigo 3. *Moratoria de préstamos hipotecarios outorgados para o financiamento de inmobles afectos a unha actividade turística.*

1. Os traballadores autónomos e as persoas xurídicas con domicilio social en España terán dereito á moratoria sobre o pagamento do principal dos préstamos con garantía hipotecaria sobre un inmovible que cumpra os requisitos recollidos no artigo 4, sempre que:

- a) Experimenten dificultades financeiras a consecuencia da emerxencia sanitaria ocasionada polo COVID-19, e
- b) o préstamo non fose xa obxecto dalgunha das seguintes moratorias:

1.º A prevista no Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19,

2.º A prevista no Real decreto lei 19/2020, do 26 de maio, polo que se adoptan medidas complementarias en materia agraria, científica, económica, de emprego e Seguridade Social e tributarias para paliar os efectos do COVID-19.

3.º A que voluntariamente acordasen entre o debedor e o acredor despois da entrada en vigor do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19. Non obstante, o debedor poderá acollerse á moratoria prevista neste capítulo se renuncia previamente á moratoria voluntaria a que se refire este número.

2. Cando o préstamo fose obxecto dalgunha das moratorias previstas na letra b) do punto 1 durante un prazo inferior aos doce meses, o debedor poderá beneficiarse da moratoria prevista neste capítulo durante o tempo restante ata alcanzar un total de doce meses.

3. Para os efectos do previsto neste capítulo, entenderase por actividade turística aquela que estea incluída nalgún dos códigos da Clasificación nacional de actividades económicas (CNAE) que se recollen na disposición adicional terceira.

4. Considérase que existen dificultades financeiras a consecuencia da emerxencia sanitaria, para efectos do previsto no punto 1.a), cando os debedores hipotecarios a que se refire o punto 1 sufrisen no termo medio mensual dos meses de marzo a maio de 2020 unha redución de ingresos ou facturación de cando menos un 40% no termo medio mensual dos mesmos meses do ano 2019.

A acreditación da redución dos ingresos ou a facturación realizarase mediante a achega da información contable que o xustifique, esta poderá facerse a través da copia do libro de rexistro de facturas emitidas e recibidas; do libro diario de ingresos e gastos; do libro rexistro de vendas e ingresos; ou do libro de compras e gastos.

Os traballadores autónomos que non estean obrigados a levar os libros que acreditan o volume de actividade deberán acreditar a redución exixida por calquera medio de proba admitido en dereito.

5. Non se considerará que existen dificultades financeiras a consecuencia da emerxencia sanitaria, para efectos do previsto no punto 1.a), cando:

a) o préstamo cuxa moratoria se solicita, tendo sido obxecto de falta de pagamento total ou parcial dalgunha das súas cotas desde antes do 1 de xaneiro de 2020, no momento da entrada en vigor deste real decreto lei se encontre en demora.

b) se declarase o concurso do debedor con anterioridade no momento da entrada en vigor do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

Artigo 4. *Ámbito obxectivo de aplicación da moratoria.*

As medidas previstas neste capítulo aplicaranse aos contratos de préstamo suxeitos á lei española que contén con garantía hipotecaria constituída sobre un inmovible que se encontre afecto ao desenvolvemento dunha actividade do sector turístico exercida en territorio nacional das sinaladas na disposición adicional terceira deste real decreto lei, sempre que os ditos contratos estivesen subscritos con anterioridade á entrada en vigor do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

Artigo 5. *Solicitude da moratoria.*

1. Os debedores hipotecarios a que se refire o artigo 3 poderán solicitar ao acredor un período de moratoria de ata doce meses no pagamento do principal da débeda hipotecaria.

2. A solicitude poderá presentarse desde a entrada en vigor deste real decreto lei ata o final do prazo fixado no punto 10 das directrices da Autoridade Bancaria Europea sobre as moratorias legislativas e non legislativas dos reembolsos de préstamos aplicadas á luz da crise do COVID-19 (EBA/GL/2020/02) ou ata as ampliacións do dito prazo que, se é o caso, puideren establecerse.

3. Os debedores hipotecarios a que se refire o artigo 3 deberán acreditar no momento de solicitar a moratoria:

- a) O obxecto social, se é o caso,
- b) o seu domicilio fiscal,
- c) o código CNAE da súa actividade,
- d) que o inmovible se atope directamente afecto ao desenvolvemento dunha actividade do sector turístico das sinaladas na disposición adicional segunda, e
- e) a información sinalada no artigo 3.4.

Artigo 6. *Concesión e efectos da moratoria.*

1. Unha vez que o debedor hipotecario dea cumprimento ao previsto no artigo 5, o acredor aplicará a moratoria, formalizando a novación de conformidade coas regras xerais. Non obstante, a inscrición da ampliación do prazo inicial terá plenos efectos, se é o caso, fronte aos acredores intermedios inscritos aínda que non conte co consentimento destes. Os efectos da moratoria estenderanse aos avalistas, sen necesidade de que a consintan ou poidan opoñerse a ela, e manterase inalterada a súa posición xurídica.

2. A moratoria será de aplicación ás cotas vencidas e non pagadas desde o 1 de xaneiro de 2020 e comportará a suspensión dos pagamentos do principal do préstamo durante o prazo solicitado polo debedor, permanecendo inalterado o resto do contido do contrato e poderá optar o prestameiro or que o importe do aprazado se aboe mediante:

- a) a redistribución das cotas sen modificación do prazo de vencemento e sen alterar o tipo de xuro aplicable, ou
- b) a ampliación do prazo de vencemento nun número de meses equivalente á duración da moratoria.

3. Os importes que serían exixibles ao debedor de non aplicarse a moratoria non se considerarán vencidos. O principal do préstamo cuxo pagamento se apraza durante a aplicación da moratoria devindicará os xuros ordinarios establecidos no préstamo.

4. O recoñecemento da aplicación da moratoria prevista neste capítulo non estará suxeita ao disposto na Lei 5/2019, do 15 de marzo, reguladora dos contratos de crédito inmobiliario.

5. As persoas xurídicas establecidas no artigo 3 non poderán distribuír beneficios, facer devolucións de capital, recomprar accións propias ou retribuír o capital en forma ningunha ata que finalizase a moratoria.

Artigo 7. *Moratoria no suposto de arrendamento dos inmobles.*

1. Se o inmovible afecto ao desenvolvemento dunha actividade económica do sector turístico for obxecto dun contrato de arrendamento, o beneficiario da moratoria hipotecaria deberá conceder ao arrendatario unha moratoria no pagamento do arrendamento de cando menos un 70 % da contía da moratoria hipotecaria, sempre que o dito aprazamento ou a condonación total ou parcial dela non se conseguise xa por acordo entre ambas as partes.

2. Cando no debedor hipotecario non concorran dificultades financeiras previstas na letra a) do punto 1 do artigo 3, pero si no arrendatario, este poderá instar do seu arrendador a solicitude da moratoria hipotecaria, fin para o cal lle facilitará a documentación necesaria para acreditar os puntos mencionados no punto 3 do artigo 5. Unha vez concedida a moratoria, será de aplicación o disposto no punto 1 deste artigo.

3. Nos supostos previstos nos puntos anteriores, o regulado no punto 5 do artigo 6 (efectos da moratoria), será de aplicación ao arrendatario e non ao debedor.

Artigo 8. *Consecuencias da aplicación indebida polo debedor da medida moratoria.*

1. O debedor que se beneficiase da moratoria regulada neste capítulo sen encontrarse incluído no seu ámbito de aplicación será responsable dos danos e perdas que se puidesen producir, así como de todos os gastos xerados pola aplicación destas medidas, sen prexuízo das responsabilidades doutro tipo a que a conduta do debedor poida dar lugar.

2. O importe dos danos, perdas e gastos non pode resultar inferior ao beneficio indebidamente obtido polo debedor pola aplicación do disposto neste capítulo.

Artigo 9. *Réxime de supervisión e sanción.*

1. As entidades prestamistas supervisadas polo Banco de España remitiranlle cada día hábil a seguinte información referida ao día hábil precedente:

- a) Número de solicitudes de moratoria presentadas por debedores.
- b) Número de moratorias concedidas.
- c) Número de solicitudes de moratoria denegadas.
- d) Número de beneficiarios da moratoria, desagregados por traballadores autónomos e persoas xurídicas.
- e) Número de préstamos cuxo pagamento se beneficiou da moratoria.
- f) Saldo vivo pendente de amortización cuxo pagamento é obxecto de moratoria.
- g) CNAE da actividade que viña realizando o debedor.
- h) Número de préstamos en que o debedor solicita que se documente a moratoria en escritura notarial.

2. Os artigos 3 a 6 e o punto 1 deste artigo terán a consideración de normas de ordenación e disciplina a que se refire o artigo 2 da Lei 10/2014, do 26 de xuño, de ordenación, supervisión e solvencia de entidades de crédito.

*Plans de sustentabilidade turística en destinos*Artigo 10. *Plans de sustentabilidade turística en destinos*

1. Créase o instrumento denominado «Plans de sustentabilidade turística en destinos», para a prestación, por parte da Secretaría de Estado de Turismo, de apoio ao investimento en actuacións de impulso, adecuación e mellora dos destinos turísticos co fin de aumentar a súa sustentabilidade.

2. Mediante a Conferencia sectorial de turismo aprobarase un Programa de plans de sustentabilidade turística en destinos.

3. Para a execución do Programa de plans de sustentabilidade turística, anualmente, a Conferencia sectorial de turismo aprobará as propostas de plans de sustentabilidade turística presentadas polas entidades locais que mellor cumpran os criterios de selección establecidos no programa, e nos cales se conterà a designación dos destinos obxecto de actuación.

4. A Secretaría de Estado de Turismo, as comunidades autónomas e, se é o caso, as entidades locais competentes por razón do territorio asinarán convenios nos cales se determinarán as actuacións que se vaian realizar, o importe estimado do investimento, o prazo de execución e a porcentaxe de achega ao financiamento das administracións participantes que, no caso da Secretaría de Estado de Turismo, non poderá superar o cincuenta por cento do total de cada plan.

A execución material das actuacións incluídas nos plans levarana a cabo as entidades locais, ás cales corresponderá tamén a xestión destes, incluída a Administración das distintas achegas ao financiamento, que terán carácter anticipado.

5. Cada plan será estruturado en fases de execución de carácter anual ás cales corresponderá un libramento orzamentario. Co fin de axustar o financiamento do plan ás necesidades reais en función da execución das actuacións, a realización dos mencionados libramentos por parte da Secretaría de Estado de Turismo quedará condicionada á existencia de crédito orzamentario suficiente, e á previa execución de conformidade das anualidades precedentes. As partes asinantes do convenio desembolsarán a súa achega de maneira anticipada nunha conta bancaria finalista que será aberta e xestionada pola xerencia do plan, que pertencerá á Administración local.

6. O instrumento regulado nos puntos anteriores financiarase con cargo aos orzamentos do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

*Sistema extraordinario de financiamento de proxectos para a transformación dixital e innovación do sector turístico*Artigo 11. *Liña extraordinaria de financiamento.*

1. Establécense as bases reguladoras da convocatoria correspondente ao exercicio 2020, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de apoio financeiro a empresas privadas e traballadores autónomos do sector turístico afectadas por prexuízos económicos xurdidos a raíz do COVID-19, no desenvolvemento de proxectos de transformación dixital e innovación. A finalidade do dito apoio será favorecer a consolidación de turismo tras a saída da crise derivada do COVID-19, relanzar a súa competitividade e conseguir o reposicionamento das empresas no mercado, cunha recuperación futura máis rápida e sustentable, contribuíndo ao mantemento do emprego tras a crise.

2. A presente liña extraordinaria de financiamento será de aplicación aos proxectos ou actuacións que se efectúen en calquera parte do territorio nacional.

3. Este sistema extraordinario só será de aplicación para as axudas que se concedan en 2020.

4. O préstamo cubrirá as necesidades de investimento en materia de transformación dixital e innovación das empresas turísticas afectadas pola crise do COVID-19, que se acreditará de acordo co que se prevexa na convocatoria.

5. Este sistema extraordinario de financiamento establécese ao abeiro do «Marco temporal relativo ás medidas de axuda estatal destinadas a apoiar a economía no contexto do actual abrocho do COVID-19», (C(2020) 1863), e a súa modificación do 3 de abril (C(2020) 2215), da Comisión Europea, e dos acordos da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos con data do 26 de marzo e do 17 de abril de 2020, polos que se aproba a notificación á Comisión Europea do marco nacional temporal I e II.

Artigo 12. *Beneficiarios.*

1. Poderán acollerse ao financiamento establecido nestas bases os traballadores autónomos e as sociedades con personalidade xurídica propia, legalmente constituídas en España e debidamente inscritas no rexistro correspondente que non formen parte do sector público, segundo se define no artigo 3 n) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, afectados por prexuízos económicos xurdidos a raíz do abrocho do COVID-19, e que desenvolvan unha actividade do sector turístico, entendéndose como tal as actividades encadradas na sección I-divisións 55 e 56, sección N-subdivisión 7711 e división 79, e sección R-división 93 da Clasificación nacional de actividades económicas (CNAE 2009), aprobada polo Real decreto 475/2007, do 13 de abril.

2. Entenderase que o solicitante desenvolve unha actividade turística se esta estivo, cando menos, desde o 1 de xaneiro de 2019 encadrada nalgunha das actividades consideradas no punto anterior, aínda que sexa nunha diferente daquela para a que solicita financiamento.

3. Os solicitantes dos préstamos deberán acreditar, no momento de presentación da súa solicitude, un nivel de fondos propios equivalente ao 33 % do total patrimonio neto e pasivo.

4. Non poderán obter a condición de beneficiario aquelas sociedades ou traballadores autónomos nos cales concorra algunha das circunstancias detalladas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, ou que non estean ao día de pagamento das obrigas de reembolso de calquera outro préstamo ou anticipo anteriormente concedido con cargo aos orzamentos xerais do Estado, nin aquelas empresas que se encontren suxeitas a unha orde de recuperación pendente tras unha decisión previa da Comisión Europea que declarase unha axuda ao beneficiario ilegal e incompatible co mercado común, nin estar en crise, entendendo a definición de empresa en crise a que se establece no Regulamento n.º 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, con data do 31 de decembro de 2019.

Artigo 13. *Das obrigas dos beneficiarios.*

Con carácter xeral, son obrigas do beneficiario:

- a) Realizar a actividade e adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da axuda.
- b) Acreditar, nos prazos estipulados, a realización da actividade, así como o cumprimento dos requisitos e condicións que determinaron a concesión.
- c) Colaborar coas actuacións de comprobación e control, achegando canta documentación lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- d) Comunicar á Secretaría de Estado de Turismo a obtención de calquera outro financiamento público concorrente parcial ou totalmente cos gastos financiados.
- e) Acreditar, en calquera momento que se solicite, que se encontra ao día das súas obrigas fiscais e fronte á Seguridade Social.
- f) Acreditar, en calquera momento que se solicite, o cumprimento de obrigas de presentación de contas ante o Rexistro Mercantil.

Artigo 14. *Tipo de proxectos.*

Serán financiábles as seguintes categorías de proxectos:

a) Proxectos que promovan a transformación dixital das empresas, os cales deberán conter unha ou varias das seguintes actuacións:

i. Dixitalización da base das empresas turísticas a través do desenvolvemento de ferramentas de dixitalización masiva, a adopción de solucións dixitais que faciliten a venda, solucións dixitais móbiles, aplicación de «big data», ou economía do dato en xeral.

ii. Mellora da competitividade das empresas turísticas a través do deseño e implementación de estratexias dixitais.

iii. Desenvolvemento do comercio electrónico dos produtos e servizos turísticos, en particular, aproveitando solucións de «cloud computing» e a mobilidade.

iv. Deseño e implementación de estratexias de *marketing* dixital, presenza, diferenciación e reputación en liña.

v. Dixitalización a través da implementación de tecnoloxías móbiles, xeo-referenciación, Turismo 2.0, realidade virtual e aumentada, destinos turísticos intelixentes, «smart destinations», domótica e sensorización, captura e análise de datos, plataformas sociais, seguridade de redes e servizos electrónicos, así como todas aquelas actividades que complementen proxectos públicos ou privados xa en marcha nesta área.

vi. Xestión e promoción do turismo dixital, investigación sobre novos produtos, mercados e servizos turísticos, promoción e comercialización multicanle e aberta, xestión da información, percepción e coñecemento do cliente, optimización de procesos de xestión, sistemas de xestión da innovación, así como todas aquelas actividades que complementen proxectos públicos ou privados xa en marcha nesta área.

b) Proxectos de investigación, desenvolvemento e innovación turísticos, sempre que non comporten unha simple aplicación de investigacións, desenvolvementos ou innovacións xa realizados:

i. Proxectos de innovación encamiñados a adquirir novos coñecementos que poidan ser útiles para desenvolver novos produtos, procesos ou servizos turísticos ou permitan mellorar os xa existentes.

ii. Proxectos de desenvolvemento consistentes na adquisición e emprego de coñecementos e técnicas de índole científica, tecnolóxica, empresarial ou doutro tipo con vistas á elaboración de produtos, procesos ou servizos turísticos novos ou mellorados.

iii. Proxectos de innovación en materia de organización e procesos dirixidos á aplicación de novos métodos organizativos ás prácticas comerciais, a organización dos centros de traballo, os procesos, ou as relacións exteriores das empresas turísticas ou a implantación de sistemas de xestión e auditoría ambiental como o sistema EMAS Eco-Management and Audit Scheme-Regulamento comunitario de ecoxestión e auditoría.

Os proxectos desta categoría deberán referirse a algún dos ámbitos de coñecemento do sector turístico relacionados con:

– Enerxía: xestión enerxética, enerxías renovables, eficiencia enerxética, xestión e control enerxético.

– Sustentabilidade: turismo sustentable, reutilización da auga, xestión e control de residuos (recolla separada, redución de produtos dun só uso e de envases, redución refugallo alimentario), emisións CO₂, pegada de carbono, adaptación ao cambio climático, solucións multifuncionais baseadas na natureza e certificacións.

– Materiais e construción: edificación sustentable, arquitectura bioclimática, personalización de ambientes, illamento térmico e/ou acústico dos novos materiais de construción, demolición selectiva, reutilización e/ou reciclaxe de materiais, rehabilitación e recuperación de patrimonio, novos materiais (illamento, limpeza, revestimento, decoración, etc.) incorporación da tecnoloxía BIM.

– Cambio climático: análise de riscos derivados do cambio climático e deseño de medidas de adaptación.

– Humanidades, sociedade e ciencias xurídicas: «living labs», coñecemento das necesidades do turista no ámbito da accesibilidade, investigación sobre metodoloxías de certificación de accesibilidade, cadea de valor turística totalmente accesible, desenvolvemento de indicadores para a medición dos destinos turísticos ou indicadores de posicionamento e personalización, impacto do turismo na contorna, modelos de previsión da demanda para a xestión integrada coa cadea de abastecemento redes de provedores locais e de proximidade.

– Transporte e servizos asociados: transporte sustentable, investigación sobre o usuario de transporte e o seu papel nos programas de compensación de carbono, zonas de baixas emisións, plans en destinos sobre produtos, itinerarios e rutas temáticas integrándoo todo cos transportes, desenvolvemento de programas de actuación público-privada en zonas ou comarcas turísticas sobre a base de rutas e produtos temáticos experienciais, vertebración territorial do transporte e os recursos culturais e naturais de alto potencial turístico, accións sobre transporte e mobilidade turística, investigación sobre externalización dos efectos do transporte, efectos internos da externalización dos efectos do transporte, elaboración de mapas sobre intensidade de uso do transporte, intensidade de uso de tecnoloxías da información e comunicación en transporte turístico e consecuencias no marco de relacións do partenariado, orientación ao usuario das TIC turísticas, colaboración e cooperación de redes de destinos, desenvolvemento de novos modelos de negocio e de sistemas de distribución, solucións avanzadas de información para múltiples destinos e dispositivos, xeración de novos servizos e contidos para os turistas e modelos de previsión da demanda para a xestión integrada coa cadea de abastecemento.

– Accesibilidade: desenvolvemento dunha metodoloxía que permita a certificación estandarizada e efectiva da accesibilidade da oferta turística, deseño de normativas sobre accesibilidade eficientes para conseguir a accesibilidade total dos recursos turísticos, desenvolvemento de melloras técnicas e tecnolóxicas dos recursos e destinos turísticos para a súa accesibilidade e adaptabilidade ás necesidades das persoas con discapacidade, creación de novos programas de formación do persoal dos servizos turísticos innovadores, promover a concienciación e sensibilización respecto da accesibilidade por parte das empresas en España.

Artigo 15. *Conceptos de gasto financiable.*

1. Terán a consideración de gastos financiados os que satisfagan o establecido no artigo 31.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e se encadren nalguna das categorías detalladas nos seguintes puntos:

a) Gastos de persoal. Poderán imputarse gastos ao proxecto tanto de persoal con contrato laboral, persoal autónomo socio da empresa e persoal autónomo economicamente dependente, segundo o establecido na Lei 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto do traballador autónomo.

b) Custos de instrumental e material inventariable. Só se admitirán os gastos de amortización dese instrumental ou material inventariable, calculados de acordo cos principios contables xeralmente aceptados na parte e durante o período estritamente necesario para o desenvolvemento do proxecto presentado, e dentro dos límites marcados pola resolución da concesión. O equipamento físico deberá ir provisto da correspondente marcación CE ou declaración de conformidade e número de serie. Os equipamentos físicos deberán estar identificados cunha etiqueta colocada nun lugar visible que indique o nome do programa e o órgano concedente.

c) Custos de investigación contractual, coñecementos técnicos e patentes adquiridas ou obtidas por licenza de fontes externas en condicións de plena competencia. Imputaranse a este concepto os gastos de colaboración externa exclusivamente derivados do proxecto, así como outros gastos ocasionados pola prestación de servizos TIC, consultoría para o

deseño ou redeseño de produtos ou servizos derivados do proxecto por parte de terceiros, e a adquisición de patentes que contribúan á execución do proxecto. Queda expresamente excluída calquera forma de consultoría asociada á xestión e tramitación do financiamento solicitado. Non se poderán fraccionar as tarefas que realice un mesmo provedor.

d) Gastos xerais suplementarios. Gastos destinados á protección mediante propiedade industrial e intelectual dos activos intanxibles obtidos durante o desenvolvemento do proxecto: patentes, modelos de utilidade, deseño industrial, marcas ou outras figuras; custos de material, abastecementos e produtos similares que deriven directamente da actividade do proxecto. Poderanse imputar a este concepto os gastos de material non inventariable utilizado na realización do proxecto. Exclúese deste concepto o material de oficina e outros gastos xerais ou correntes da entidade.

2. Os conceptos de gasto, para seren considerados financiáveis, deberán detallarse individualmente tanto na memoria seguindo o modelo que se estableza na correspondente convocatoria como no cuestionario de solicitude. Así mesmo, deberán imputarse á partida correspondente no cuestionario de solicitude, segundo a definición establecida no punto anterior.

3. Soamente poderán considerarse financiáveis aqueles conceptos que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade que se vaia financiar e resulten estritamente necesarios, con base na descrición das actuacións achegada na memoria de solicitude.

4. Son regras aplicables aos conceptos de gasto financiável, as seguintes:

a) No caso de que poidan existir operacións con persoas ou entidades vinculadas ao beneficiario, entendéndose estas conforme o disposto no artigo 68 do Regulamento da Lei xeral de subvencións, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, só serán admisibles aqueles investimentos que contén con autorización expresa por parte do órgano xestor e se realicen de acordo coas condicións normais de mercado, de conformidade co establecido no artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

b) A adquisición de empresas ou outras operacións de fusión corporativa non son financiáveis, así como tampouco a creación de cooperativas ou asociacións de compra agregada ou servizos comúns.

c) En ningún caso se consideran gastos financiáveis os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, segundo establece o artigo 31.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

d) Cando o importe do gasto supere as contías establecidas na Lei 9/2017, para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores con carácter previo á contracción do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que, polas súas especiais características, non exista no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude. A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, ou, se é o caso, na solicitude, realizarase conforme criterios de eficiencia e economía, e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

e) Respecto dos bens inventariables, será de aplicación o disposto nos puntos 4 e 5 do artigo 31 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

f) En ningún caso serán financiáveis os gastos financeiros derivados do pagamento aprazado de investimentos ou doutros motivos, os investimentos en terreos, locais e obra civil, gastos de despregamento de infraestruturas para prestación de servizos, investimentos financiados mediante arrendamento financeiro, gastos de promoción e difusión do proxecto.

g) Respecto das subcontratacións entendidas nos termos que define o artigo 29.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, deberá seguirse o establecido na citada lei.

Artigo 16. Tramitación, réxime de concesión e características de financiamento.

1. O réxime de concesión será o de concorrencia competitiva, conforme o artigo 22.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

2. A convocatoria realizarase por orde da persoa titular do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo. Corresponderá á Secretaria de Estado de Turismo, cando sexa necesario, se é o caso, ditar as resolucións para a aplicación, tramitación e resolución dos procedementos de convocatoria e concesión, así como o pagamento dos préstamos, a realización de modificacións e a tramitación do reintegro.

3. En todo o non previsto neste real decreto lei e na resolución de convocatoria será de aplicación o establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Regulamento de desenvolvemento aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.

Artigo 17. Prazo de realización das actuacións.

1. Serán financiáveis os investimentos e gastos realizados desde o 1 de febreiro de 2020 e ata o 31 de decembro de 2020.

2. No caso de proxectos iniciados antes do 1 de febreiro de 2020, consideraranse só as actuacións necesarias realizadas desde esa data para acelerar ou ampliar o alcance do proxecto; neste caso a solicitude de financiamento deberá limitarse aos custos adicionais relacionados cos esforzos de aceleración ou a ampliación do seu alcance.

Artigo 18. Importe total do apoio financeiro convocado.

1. A axuda que se conceda no marco deste real decreto lei revestirá a forma de préstamo reembolsable, terá unha contía total máxima no seu conxunto de 216.000.000 euros, e imputarase ás aplicacións orzamentarias correspondentes do programa 20.04.432A.833 dos orzamentos xerais do Estado para o ano 2020, o que se entende sen prexuízo da estrutura e contías que deriven de operar cos orzamentos xerais do Estado prorrogados de 2018.

2. A concesión das axudas queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución de concesión.

Artigo 19. Orzamento mínimo financiable.

O orzamento financiable mínimo será de 50.000 euros.

Artigo 20. Réxime de financiamento.

1. O financiamento outorgado conforme o presente real decreto lei concederase sempre en forma de préstamo reembolsable, coas seguintes características:

a) Importe do préstamo: o que resulte da aplicación das porcentaxes e límites establecidos nos puntos 2, 3 e 4 deste artigo.

b) Prazo de amortización: ata seis anos con tres de carencia. Estes prazos poderán ser reducidos se así o expresa o interesado na súa solicitude.

c) Tipo de xuro de aplicación: o tipo de xuro será variable e establécese segundo o seguinte cadro:

Tipo de beneficiario	Xuro ano 1(%)	Xuro anos 2 e 3 (%)	Xuro anos 4, 5 e 6 (%)
Pemes.	0,1	0,19	0,69
Grandes empresas.	0,19	0,69	1,69

d) O método de amortización seguirá o seguinte sistema: as cotas de amortización de principal serán anuais e de igual contía, e deberán satisfacerse unha vez finalizado o prazo de carencia. A liquidación dos xuros será anual, satisfacerase xunto coa cota de

amortización correspondente ao final de cada período, e calcularanse sobre o capital vivo ao inicio do período. Os xuros devindicaranse desde a data de entrega do principal, entendéndose como tal a data en que o Tesouro Público realiza a transferencia do importe concedido ao beneficiario.

2. O importe máximo do financiamento que se poderá conceder segundo estas bases será do 75 por cento sobre o orzamento do proxecto que fose considerado financiable segundo o artigo 15 do presente real decreto lei.

3. En calquera caso, o importe do financiamento non poderá superar o préstamo solicitado, e respectará os seguintes límites:

a) O financiamento público total do investimento, computado como suma dos recursos públicos concedidos por calquera Administración e/ou ente público, non poderá exceder o 80 por cento sobre o total do orzamento do proxecto de investimento que fose considerado financiable segundo o artigo 6 deste real decreto lei.

b) O importe do préstamo que se conceda non poderá superar en 5 veces os últimos fondos propios acreditables mediante documento público do solicitante no prazo de solicitude.

c) O importe global de préstamo que se conceda por beneficiario non superará:

i. Os 800.000 euros; nin

ii. o dobre dos custos salariais anuais do beneficiario (incluídas as cargas sociais e o custo do persoal que traballe no recinto da empresa, pero figure formalmente na nómina dun subcontratista) correspondentes a 2019 ou ao último ano dispoñible; ou

iii. o 25 % do volume de negocios total do beneficiario en 2019.

4. Estas axudas poderán acumularse con outras que se encadren no marco temporal nacional, sempre e cando se respecten os importes máximos e os limiares de intensidade máxima establecidos para cada tipo de axuda, coa excepción de axudas en forma de garantías que se concedan para idéntico principal de préstamo subxacente e o importe global do préstamo supere os limiares establecidos no punto 25, letra d, ou no punto 27, letra d, do marco temporal comunitario. Así mesmo, poderán acumularse coas axudas que entren no ámbito de aplicación dos regulamentos «de *minimis*» e coas axudas exentas en virtude do Regulamento xeral de exención por categorías, sempre que as regras de acumulación previstas nos citados regulamentos e no propio marco temporal sexan respectadas.

Artigo 21. *Réxime de garantías.*

1. Exixirase antes da resolución de concesión do préstamo a presentación de xustificante de constitución de garantía ante a Caixa Xeral de Depósitos baixo a modalidade de «Avais prestados por entidades de crédito ou sociedades de garantía recíproca», conforme a normativa da citada Caixa (Real decreto 161/1997, do 7 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento da Caixa Xeral de Depósitos e a Orde pola que se desenvolve, do Ministerio de Economía e Facenda, do 7 de xaneiro de 2000, modificada pola Orde ECO/2120/2002, do 2 de agosto) e cos requisitos establecidos para esta.

2. O importe total da garantía que se vai constituirá será do 20 % do préstamo concedido.

3. As garantías serán liberadas que unha vez teña lugar a acreditación de que se realizou a actividade obxecto da axuda conforme o artigo 32 deste real decreto lei e se produza o ingreso do reintegro que proceda, se é o caso. O réxime de cancelación das garantías axustarase ao establecido na normativa da Caixa Xeral de Depósitos.

4. As garantías incautaranse na cantidade que corresponda cando se produza a falta de pagamento do reintegro que proceda por incumprimento de calquera condición imposta ao beneficiario neste real decreto lei, ou na propia resolución de concesión ata o momento

en que se produza a citada acreditación. Tamén se producirá a incautación pola falta de pagamento de cotas do principal.

Artigo 22. Órganos competentes para instruír e resolver o procedemento de concesión e órgano responsable do seguimento.

1. Será competente para resolver a concesión das axudas reguladas neste real decreto lei a ministra de Industria, Comercio e Turismo, sen prexuízo das delegacións vixentes sobre a materia.

2. O órgano competente para ordenar e instruír os procedementos de concesión é a Secretaría de Estado de Turismo.

3. A Secretaría de Estado de Turismo será o órgano responsable do seguimento das actuacións financiadas.

Artigo 23. Tramitación electrónica.

1. A tramitación electrónica será obrigatoria en todas as fases do procedemento. As solicitudes, comunicacións e demais documentación exigible relativa aos proxectos que concorran a este apoio financeiro serán presentadas no Rexistro Electrónico do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo (<https://sede.serviciosmin.gob.es/registroelectronico>).

2. O solicitante poderá acceder, co certificado con que presentou a solicitude, á sede electrónica do ministerio (<https://sede.serviciosmin.gob.es>), onde poderá consultar os documentos presentados e o estado de tramitación do expediente. A práctica de notificacións electrónicas axustarase ao previsto no artigo 43 da Lei 39/2015, do 1 de outubro. Na sede do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo os interesados, tras identificarse electronicamente de forma segura, poderán consultar os actos do procedemento que lles sexan notificados e efectuar a presentación da documentación adicional que puidese ser requirida polo órgano actuante.

3. A publicación das propostas de resolución, así como a publicación das resolucións de desestimación, de concesión e as súas posibles modificacións e demais actos do procedemento, terán lugar na sede electrónica do ministerio (<https://sede.serviciosmin.gob.es>), e producirá todos os efectos da notificación practicada segundo o disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, en relación cos procedementos de concorrencia competitiva.

4. Naqueles casos en que teña lugar un procedemento de reintegro, as notificacións relacionadas co dito procedemento realizaranse baixo a modalidade de notificación por comparecencia electrónica, segundo o establecido no artigo 43 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

5. Os formularios, as declaracións responsables e os demais documentos electrónicos que se vaian cubrir nas diferentes fases do procedemento estarán dispoñibles na sede electrónica e deberán ser obrigatoriedade utilizados cando proceda.

6. Naqueles fases do procedemento nas cales para a simplificación administrativa se permita a presentación de declaracións responsables en lugar de determinada documentación, as ditas declaracións deberán presentarse en formato electrónico asinado electronicamente polo declarante.

7. Os solicitantes non estarán obrigados a presentar os documentos que xa consten en poder do órgano competente para a concesión, de conformidade co previsto polo artigo 28.3 e 53.1.d) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e deberanse cubrir especificamente no cuestionario de solicitude en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos, para o cal indicará o número do expediente que lle foi comunicado naquela ocasión, sempre e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que correspondan. En cumprimento da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE

(Regulamento xeral de protección de datos), solicitarase o consentimento expreso para o tratamento por parte do ministerio dos datos incluídos no cuestionario polo solicitante. Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento ou cando o interesado manifieste a negativa para a consulta dos seus datos de carácter persoal, o órgano competente requiriralle ao solicitante a súa presentación ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento.

Artigo 24. *Representación.*

1. As persoas físicas que realicen a sinatura ou a presentación electrónica de documentos en representación das entidades solicitantes ou beneficiarias de apoio financeiro deberán ter a representación necesaria para cada actuación, nos termos establecidos no artigo 5 da referida Lei 39/2015, do 1 de outubro.

2. O asinante da solicitude de apoio financeiro deberá acreditar que no momento da presentación da solicitude ten poder bastante en dereito para actuar en nome e representación da persoa xurídica solicitante. O incumprimento desta obriga, de non emendarse, dará lugar a que se considere desistido da solicitude, de acordo co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Da obriga de acreditar representación suficiente estarán exentas as entidades inscritas no Rexistro de Entidades Solicitante de Axudas, habilitado no Portal de axudas do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo (<https://www.mincotur.gob.es/PortalAyudas>), sempre que o asinante da solicitude estea acreditado no dito rexistro como representante da entidade.

Artigo 25. *Prazo de presentación de solicitudes.*

1. O prazo de presentación das solicitudes será dun mes e comezará o día seguinte ao da publicación da convocatoria no «Boletín Oficial del Estado».

2. As solicitudes presentadas fóra do prazo establecido darán lugar á súa inadmisión.

Artigo 26. *Formalización e presentación de solicitudes.*

1. As solicitudes para a obtención de axuda dirixiranse á Secretaría de Estado de Turismo, órgano competente para instruír o procedemento, e estarán dispoñibles para a súa formalización e presentación no Portal de axudas do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo (<https://www.mincotur.gob.es/PortalAyudas>), onde se disporán os medios electrónicos de axuda necesarios.

2. Cando os solicitantes sexan persoas xurídicas, cada solicitude de financiamento deberá acompañarse da seguinte documentación:

a) Formulario de solicitude de financiamento e cuestionario electrónico: ficheiro asinado electronicamente cuberto necesariamente cos medios electrónicos dispoñibles no Portal de axudas do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo (<https://www.mincotur.gob.es/PortalAyudas>), que incluírá unha declaración doutras axudas concorrentes co investimento presentado.

b) Memoria descritiva do proxecto, segundo a estrutura e contido establecido na convocatoria e asinada electronicamente. No caso de dispoñer das licenzas, autorizacións e permisos necesarios para o proxecto, deberán achegarse como documento anexo á memoria.

c) Acreditación válida do poder do asinante da solicitude por calquera medio válido en dereito que deixe constancia fidedigna da súa existencia.

d) Liquidación do imposto de sociedades correspondente ao exercicio 2018 e do 2019 se a solicitude se presenta finalizado o prazo para a liquidación do dito imposto; e contas do exercicio 2019, auditadas se está obrigado a iso.

e) Documento público acreditativo dos fondos propios, debidamente inscrito no rexistro correspondente. En caso elementos de capital social ou achegas de socios non en diñeiro, taxación por experto independente debidamente colexiado.

- f) Declaracións trimestrais de IVE correspondentes ao exercicio 2019.
- g) As seguintes declaracións responsables de:
- Non ter débedas por reintegro de axudas ou préstamos coa Administración, nin estar suxeito a unha orde de recuperación pendente tras unha decisión previa da Comisión Europea que declarase unha axuda ilegal e incompatible co mercado común.
 - Estar ao día de pagamento das obrigas de reembolso de calquera outro préstamo ou anticipo concedido anteriormente con cargo aos orzamentos xerais do Estado.
 - Non estar incurso en ningunha das prohibicións a que se refire o artigo 13.2 da Lei xeral de subvencións, en cumprimento do establecido nos artigos 26 e 27 do Regulamento de subvencións, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.
 - Que cumprirá toda a normativa nacional e da Unión Europea que resulte de aplicación, en particular en materia de competencia, contratación e adjudicación de obras e abastecementos e ambiente, e que se compromete a presentar, no momento de dispoñer delas, todas as licenzas, autorizacións e permisos necesarios para o proxecto.
 - Que entre os gastos para os que se solicita a axuda non existen operacións con persoas ou entidades vinculadas ao solicitante, ou en caso contrario, declaración da citada vinculación e de que a operación cumpre os requisitos exixidos no artigo 15.4.a) deste real decreto lei.
 - Que o solicitante pertence ou non a un grupo empresarial e, se é o caso, que ningunha das entidades pertencentes ao grupo empresarial é debedora por reintegro de subvencións.
3. Cando os solicitantes sexan traballadores autónomos, deberán acompañar a súa solicitude de financiamento da documentación sinalada nas letras a), b), c), g) e h) do punto anterior.
4. Os interesados presentarán a solicitude de financiamento e o resto da documentación no Rexistro Electrónico do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, con sinatura electrónica da persoa que teña poder de representación suficiente, se é o caso. Mediante a sinatura electrónica da solicitude, garantirase a fidelidade co orixinal das copias dixitalizadas dos documentos achegados xunto á dita solicitude.
- No caso de representación mancomunada, deberá achegarse, así mesmo, unha copia dixitalizada da solicitude asinada electronicamente por cada un dos representantes mancomunados.
5. De conformidade coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e o Regulamento xeral de protección de datos [Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento e do Consello, do 27 de abril de 2016], o solicitante deberá indicar na solicitude o seu consentimento expreso para que o órgano concedente obteña de forma directa a acreditación do cumprimento de obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social a través de certificados electrónicos. En caso de non concedelo, deberá achegar a dita certificación xunto coa solicitude.
6. Se a documentación achegada non reúne os requisitos exixidos, requirirase o interesado para que, no prazo de 10 días hábiles desde o seguinte ao de recepción do requirimento, emende a falta ou presente os documentos preceptivos, con advertencia de que, se non o fixer, se terá por desistido da súa solicitude logo de resolución, de acordo co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e no artigo 23.5 da Lei 38/2003, do 17 de novembro. Para eses efectos, terase por emendada a omisión documental cando se presenten documentos cuxa existencia, antes de expirar o prazo de presentación das solicitudes, resulte acreditada, pero non así no suposto de achega de documentos de data posterior ao dito vencemento, aínda que tendan a asegurar o cumprimento do dito requisito.
7. O solicitante deberá declarar, no cuestionario de solicitude, calquera tipo de fondos públicos que obtivese ou solicitase para financiar as actividades para as que solicita a axuda. Ademais, deberá actualizar esta declaración se en calquera momento ulterior da instrución se produce unha modificación do inicialmente declarado.

8. Para efectos da práctica das notificacións por medios electrónicos, será obriga dos solicitantes informar os órganos actuantes dos cambios na representación da entidade en canto se produzan. O cambio farase efectivo para aquelas notificacións que se emitan a partir do día seguinte á recepción da comunicación do cambio de representante da entidade. Consideraranse correctamente practicadas as notificacións anteriores a esa data dirixidas ao representante que figure no expediente.

Artigo 27. *Criterios de avaliación das solicitudes.*

1. A avaliación realizarase exclusivamente sobre a información achegada polo solicitante na fase de admisión de solicitudes. Por tratarse de procedementos de concesión en concorrencia competitiva e, como tales, iniciados de oficio, non se admitirán as melloras voluntarias da solicitude. Non obstante, o órgano instrutor poderá requirir aclaracións sobre aspectos da solicitude que non supoñan reformulación nin mellora desta.

2. A avaliación realizarase baseándose nos criterios que se especifican neste artigo. A puntuación total da avaliación estará distribuída no rango entre 0 e 100 puntos. Nos casos nos cales se establezan limiares de puntuación, será necesario alcanzalos para poder optar ao financiamento. En ningún caso se poderá conceder financiamento a aqueles proxectos cuxa puntuación, nos correspondentes criterios, non alcance os referidos limiares ou, se é o caso, o criterio excluínte.

3. Nos casos de solicitudes con igualdade de puntuación, terá preferencia a solicitude que presente unha menor porcentaxe de contratos temporais no cadro de persoal de cada empresa.

4. Serán de aplicación os seguintes criterios de avaliación:

a) Adecuación dos tipos de proxectos ou beneficiarios á afectación da crise do COVID-19 (de 0 a 10 puntos).

b) Carácter innovador do proxecto (de 0 a 30 puntos). Produto, servizo ou método de produción novo ou organizativo novo ou significativamente mellorado. Neste criterio terase en conta:

1.º Explicación da innovación formulada (0 a 10 puntos).

2.º Exposición do problema que se vai resolver (0 a 10 puntos).

3.º Estado actual do mercado e melloras, encaixe coas tendencias do mercado, competencia e factores de diferenciación (0 a 10 puntos).

c) Plan de negocio do proxecto (de 0 a 30 puntos). Para a avaliación deste criterio, deberase considerar:

1.º Obxectivos (0 a 5 puntos).

2.º Esquema de financiamento (0 a 5 puntos).

3.º Antecedentes da empresa, actividades, socios, traxectoria (0 a 5 puntos).

4.º Información mercado obxectivo (0 a 3 puntos).

5.º Estudo da demanda (0 a 2 puntos).

6.º Estudo da competencia (0 a 2 puntos).

7.º Posibles clientes (0 a 3 puntos).

8.º Posibles provedores (0 a 3 puntos).

9.º Descrición do produto ou servizo (0 a 10 puntos).

10.º Cronograma e fitos (0 a 2 puntos).

d) Impacto socioeconómico previsto. Posibilidades de dinamización rexional. Creación de emprego (de 0 a 20 puntos). Valorarase:

1.º Capacidade para resolver problemas comúns (0 a 5 puntos).

2.º Oportunidade estratéxica sectorial e/ou rexional (0 a 5 puntos).

3.º Impacto territorial dinamizador (0 a 5 puntos).

- 4.º Creación de emprego de I+D (0 a 5 puntos).
 - 5.º Desenvolvemento do proxecto en diferentes CC.AA. (0 a 10 puntos).
- e) Viabilidade económica e financeira do proxecto. Conta de resultados (de 0 a 10 puntos). Deberá terse en conta:
- 1.º Relación entre facturación total e orzamento total do proxecto.
 - 2.º Análise do mercado potencial.
 - 3.º Conta de resultados xustificada.

Nos supostos en que a empresa non teña saldos positivos tanto no circulante como na marxe de explotación por asuntos típicos, os ordinais 1.º e 3.º non se puntuarán.

5. O informe de avaliación das solicitudes será formulado por unha comisión de avaliación.

Artigo 28. *A comisión de avaliación.*

1. A comisión de avaliación funcionará como órgano colexiado e rexerá polo disposto no título preliminar, capítulo II, sección 3.ª, da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e estará integrada por:

- a) Un vogal do Gabinete da Secretaría de Estado de Turismo (Ministerio de Industria, Comercio e Turismo), que presidirá a dita comisión.
- b) Un vogal designado pola Subsecretaría do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.
- c) Un vogal da Subdirección Xeral de Desenvolvemento e Sustentabilidade Turística da Secretaría de Estado de Turismo.
- d) Un vogal da Subdirección Xeral de Cooperación e Competitividade da Secretaría de Estado de Turismo.
- e) Un vogal da Sociedade Estatal para a Xestión da Innovación e as Tecnoloxías Turísticas, S.A. (Segittur) designado pola Secretaria de Estado de Turismo.
- f) Un vogal da Subdirección Xeral de Intelixencia Artificial e Tecnoloxías Habilitadoras Dixitais do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital.
- g) Un vogal representante do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.

Un funcionario da Subdirección Xeral de Desenvolvemento e Sustentabilidade Turística da Secretaría de Estado de Turismo, actuará como secretario, con voz e voto.

2. A proposta de resolución definitiva será elevada á Secretaría de Estado de Turismo polo órgano instrutor.

3. Para a xestión das subvencións poderase contar con entidades colaboradoras que poderán avaliar as solicitudes, controlar e recibir dos beneficiarios a xustificación dos gastos e efectuar os pagamentos. As entidades colaboradoras poderán desempeñar as funcións previstas no artigo 15 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. Poderán actuar como entidades colaboradoras unicamente as entidades públicas empresariais e as sociedades mercantís estatais, que serán seleccionadas nos termos previstos polo artigo 16.5 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Artigo 29. *Instrución do procedemento e resolución*

1. O órgano competente para a instrución realizará, de oficio, cantas actuacións xulgue necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución, de acordo co establecido no artigo 24 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

2. Unha vez efectuada a avaliación, o órgano instrutor, á vista do expediente e do informe do órgano colexiado, formulará a proposta de resolución provisional, debidamente motivada, segundo o establecido no artigo 24.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

Esta proposta notificárase aos interesados para que, no prazo de dez días hábiles, formulen as alegacións que xulguen convenientes.

Xunto coa notificación de proposta de resolución provisional, concederáse un prazo de dez días hábiles, para que os solicitantes propostos como beneficiarios actualicen, se é o caso, a información achegada no momento da solicitude das seguintes condicións de obrigado cumprimento para poder ser beneficiario:

a) Os certificados que acrediten o cumprimento de obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, no caso de que o interesado non concedese expresamente o seu consentimento para que o órgano obteña de forma directa a acreditación de tal cumprimento.

b) Non ter débedas por reintegro de axudas ou préstamos coa Administración, nin estar suxeito a unha orde de recuperación pendente tras unha decisión previa da Comisión Europea que declarase unha axuda ilegal e incompatible co mercado común.

c) Estar ao día de pagamento das obrigas de reembolso de calquera outro préstamo ou anticipo concedido anteriormente con cargo aos orzamentos xerais do Estado.

d) Non estar incurso en ningunha das prohibicións a que se refire o artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, en cumprimento do establecido nos artigos 26 e 27 do Regulamento da Lei xeral de subvencións.

Os parágrafos b), c) e d) anteriores poderán acreditarse por medio de declaración responsable do solicitante.

3. Unha vez examinadas as alegacións aducidas, se é o caso, polos interesados, o órgano instructor formulará a proposta de resolución definitiva que será notificada aos interesados que fosen propostos como beneficiarios para que, no prazo de 10 días hábiles, comuniquen a súa aceptación ou renuncia ao financiamento proposto, e presenten a situación actualizada dos investimentos e gastos realizados ata a data seguindo as instrucións e o formulario indicado na Guía de procedemento que se encontrará dispoñible no Portal de axudas do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo (<https://www.mincotur.gob.es/PortalAyudas>).

Transcorrido o dito prazo sen que se comunique a aceptación expresa ou se presente a xustificación de investimentos e gastos realizados, entenderase que o solicitante renuncia á axuda.

4. En calquera momento do procedemento, o solicitante deberá comunicar ao órgano instructor, se é o caso e tan pronto como teñan coñecemento diso, a obtención doutro financiamento público para a execución das actividades para as que se solicita axuda.

5. Unha vez elevada a proposta de resolución definitiva ao órgano competente para resolver, este ditará no prazo de quince días hábiles a correspondente resolución, que será motivada e poñerá fin á vía administrativa, segundo o establecido no artigo 63 do Regulamento de subvencións, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.

A resolución de concesión, ademais de conter os solicitantes aos cales se concede a axuda e a desestimación expresa das restantes solicitudes, poderá incluír unha relación ordenada de todas as solicitudes que, cumprindo coas condicións administrativas e técnicas establecidas nas bases reguladoras para adquirir a condición de beneficiario, non fosen estimadas por exceder a contía máxima do crédito fixado na convocatoria, con indicación da puntuación outorgada a cada unha delas en función dos criterios de valoración previstos nela.

6. As propostas de resolución provisional e definitiva e a resolución do procedemento de concesión de axuda publicaranse no Portal de axudas do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo. Adicionalmente, cada beneficiario recibirá aviso de tales publicacións mediante correo electrónico, segundo os datos consignados no formulario de solicitude.

7. O prazo máximo para a resolución do procedemento e a súa notificación é de seis meses contados desde a publicación da convocatoria no «Boletín Oficial del Estado». Se, transcorrido o dito prazo, o órgano competente para resolver non notifica a dita resolución, os interesados estarán lexitimados para entender desestimada a solicitude.

8. A axuda concedida publicarase na Base de datos nacional de subvencións, de acordo co estipulado no artigo 30 do Regulamento de subvencións, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.

9. As propostas de resolución provisional e definitiva non crean dereito ningún a favor do beneficiario proposto fronte á Administración mentres non se lle notificase a resolución de concesión.

10. A resolución do procedemento de concesión de financiamento pon fin á vía administrativa e poderá ser impugnada nos prazos e formas sinalados no artigo 35 deste real decreto lei.

Artigo 30. *Pagamento.*

1. O pagamento do financiamento quedará condicionado a que exista constancia, por parte do órgano xestor, de que o beneficiario cumpre os requisitos establecidos neste real decreto lei, así como os sinalados no artigo 34 da Lei xeral de subvencións, entre eles: estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, realizar as súas correspondentes obrigas de presentación de contas perante o Rexistro Mercantil e a liquidación do imposto de sociedades, non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro e estar ao día de reembolso de calquera outro préstamo ou anticipo concedido anteriormente con cargo aos orzamentos xerais do Estado, así como non estar suxeito a unha orde de recuperación pendente tras unha decisión previa da Comisión Europea que declarase unha axuda ilegal e incompatible co mercado común.

2. No caso de que non conste a situación do beneficiario respecto das obrigas citadas no punto anterior, será requirido para que, no prazo máximo de 10 días hábiles, desde o día seguinte ao da notificación do requirimento, achegue os oportunos documentos certificados ou declaracións responsables, segundo proceda. A non achega ou a achega fóra de prazo destes comportará a perda do dereito ao cobramento da axuda, conforme o disposto no título I, capítulo V, da Lei 38/2003, do 17 de novembro, así como no artigo 89 do seu regulamento.

3. A axuda regulada neste real decreto lei realizarase nun só pagamento, e o dito pagamento realizarase anticipadamente á xustificación.

Artigo 31. *Modificación da resolución de concesión.*

1. Os gastos financiados deberán executarse no tempo e forma que se recollan na resolución de concesión. Non obstante, cando xurdan circunstancias concretas, debidamente xustificadas, que alteren as condicións técnicas ou económicas recollidas na resolución de concesión da axuda, o beneficiario poderá solicitar a modificación da citada resolución de concesión, sempre que a dita modificación non afecte os obxectivos perseguidos coa axuda concedida, os seus aspectos fundamentais, nin dane dereitos de terceiros.

2. Poderanse alegar como circunstancias que alteraron as condicións técnicas ou económicas as seguintes:

a) Que as modificacións obedezan a causas sobrevidas que non puideron preverse no momento da solicitude e que non fosen previsibles con anterioridade, aplicando toda a dilixencia requirida de acordo cunha boa práctica profesional na elaboración do proxecto ou na redacción das especificacións técnicas.

b) Necesidade de axustar a actividade a especificacións técnicas, de saúde, ambientais, urbanísticas, de seguridade ou de accesibilidade identificadas ou aprobadas con posterioridade á adxudicación da axuda.

c) Forza maior que fixese imposible a execución da actuación ou proxecto nos termos inicialmente definidos.

3. Calquera modificación requirirá a solicitude previa do interesado. O prazo para a presentación de solicitudes concluirá quince días hábiles antes de que finalice o prazo de

execución do investimento inicialmente previsto e deberá ser aceptado de forma expresa polo órgano que ditou a resolución de concesión, e notificáraselle ao interesado.

4. Non se poderán modificar as resolucións de concesión cando se producisen as seguintes alteracións das condicións técnicas ou económicas:

- a) Prórrogas do prazo de execución dos proxectos.
- b) A aprobación de condicións que non superasen a avaliación inicial, ou que afectasen a determinación do beneficiario. Non obstante, serán alegables as alteracións relacionadas coa fusión, absorción e escisión de sociedades, sempre e cando se garanta un nivel de protección da execución do proxecto.
- c) Reducións do orzamento financiable da actuación nunha porcentaxe igual ou superior á establecida no artigo 34 para entender o incumprimento total dos fins para os que se concedeu a axuda.
- d) Dar autorización de novas condicións a expedientes cuxos préstamos non estean ao día dos pagamentos con este órgano xestor, nin cumpran as súas obrigas de presentación de contas no Rexistro Mercantil ou de liquidación do imposto de sociedades.

5. A substitución de elementos do orzamento financiable por outros con funcionalidade equivalente dentro das seguintes categorías non requirirá a solicitude de modificación da resolución de concesión, sempre que se cumpran as condicións que se especifican:

1.º No caso de colaboracións externas, poderá substituírse o colaborador inicialmente previsto por outro, sempre e cando as actividades nas cales colabore sexan as orixinais e o novo colaborador teña capacidade de acometelas.

2.º En todos os casos, o importe financiable da categoría de gasto considerado debe permanecer igual que na resolución de concesión. Ademais, deberán xustificarse as substitucións efectuadas na documentación xustificativa que se exige no artigo seguinte.

6. Se se realizou o pagamento da axuda con anterioridade á modificación de concesión, e como resultado desta se tivo un exceso de axuda permitida, segundo os límites establecido no artigo 10, procederá de maneira inmediata a iniciar o procedemento de reintegro do pagamento anticipado máis os xuros de demora desde o momento do pagamento ata a data en que se acorde o reintegro, por importe do citado exceso.

Artigo 32. *Xustificación, seguimento e control da realización das actuacións.*

1. O beneficiario deberá presentar a documentación xustificativa das actividades financiadas no marco destas bases nos tres meses seguintes á finalización da actuación, segundo a resolución de concesión e as sucesivas de modificación que poidan existir.

Transcorrido o prazo establecido sen terse presentado a documentación xustificativa ante o órgano competente, este requirirá o beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días hábiles sexa presentada, con apercibimento de que a falta de presentación dará lugar á exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei 38/2003, do 17 de novembro.

2. A xustificación da realización das actuacións financiadas realizarase segundo o establecido no capítulo II do título II do Regulamento de subvencións, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, e de acordo co capítulo IV do título I da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

3. A xustificación documental da realización das actuacións financiadas realizarase segundo a modalidade de conta xustificativa con achega de xustificantes de gasto e xustificantes de pagamento.

4. Toda a documentación de xustificación da realización das actividades do proxecto deberase presentar por vía electrónica e con sinatura electrónica, de acordo co establecido na Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación das subvencións.

A presentación electrónica da documentación xustificativa entenderase que comprende tanto a presentación inicial, no prazo indicado anteriormente, como as posibles emendas que sexan solicitadas aos beneficiarios polo órgano xestor.

A presentación electrónica non exime os beneficiarios de conservar os orixinais dos xustificantes de gasto e pagamento, informes de auditoría, etc., por se lles son requiridos posteriormente polo órgano xestor e responsable do seguimento ou, ao realizar as actividades de control legalmente previstas, pola Intervención Xeral da Administración do Estado ou o Tribunal de Contas.

5. Tras a correspondente comprobación técnico-económica, o órgano responsable do seguimento emitirá unha certificación acreditativa do cumprimento dos fins que xustificaron a concesión do financiamento. A dita certificación determinará, se é o caso, o acordo da procedencia de reintegro para os efectos establecidos no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

6. O beneficiario estará sometido ás actuacións de comprobación que efectuará o órgano xestor e responsable do seguimento das actuacións financiadas, así como ao control financeiro da Intervención Xeral da Administración do Estado e ao control fiscalizador do Tribunal de Contas e a calquera outra normativa aplicable.

Artigo 33. *Incumprimentos, reintegros e sancións.*

1. O incumprimento dos requisitos establecidos nestas bases e nas demais normas aplicables, así como das condicións que, se é o caso, se establecesen na correspondente resolución de concesión dará lugar á perda do dereito ao cobramento da axuda ou, se é o caso, logo do oportuno procedemento de reintegro, á obriga de devolver a axuda percibida máis os xuros de demora correspondentes, no momento de detectarse o incumprimento, conforme o disposto no artigo 77 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

2. Serán causa de reintegro total as seguintes:

a) Obtención da axuda falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impedisen.

b) Incumprimento total do obxectivo, da actividade, do proxecto que fundamentan a concesión da axuda.

c) Incumprimento da obriga de xustificación ou xustificación insuficiente, nos termos establecidos no artigo 32 deste real decreto lei.

d) Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de publicidade contidas neste capítulo.

e) A non satisfacción de dúas cotas consecutivas de amortización do principal ou dos xuros debidos en dous períodos consecutivos.

f) As descapitalizacións ou diminucións de achegas de socios da empresa beneficiaria, durante os exercicios correspondentes ao ano do pagamento do préstamo e os dous seguintes, que fagan que o préstamo concedido incumpra os límites establecidos no artigo 20 deste real decreto lei, exixíndose o reintegro do exceso de préstamo concedido para cumprir cos citados límites de financiamento.

g) A resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións intermedias de comprobación que poida realizar o centro xestor desde o momento da resolución de concesión do financiamento ata que se produza o peche administrativo do expediente, ás actuacións de comprobación definidas neste real decreto lei, así como ás do control financeiro previsto no título VI da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos cando diso derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades financiadas, ou a concorrencia de axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

h) Incumprimento das obrigas impostas pola Administración aos beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da axuda, sempre

que afecten ou se refiran ao modo en que se deben conseguir os obxectivos, realizar a actividade, executar o proxecto ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da axuda.

i) A adopción, en virtude do establecido nos artigos 87 a 89 do Tratado da Unión Europea, dunha decisión da cal derive unha necesidade de reintegro.

j) Nos demais supostos previstos na normativa reguladora da axuda.

3. As cantidades que se deben reintegrar terán a consideración de ingresos de dereito público, e resultará de aplicación o previsto na Lei xeral orzamentaria.

4. O acordo polo que se inicie o procedemento de reintegro deberá indicar a causa que determina o seu inicio, as obrigas incumpridas e o importe da axuda afectada.

Recibida notificación do inicio do procedemento de reintegro, o interesado poderá presentar as alegacións e documentación que xulgue pertinentes, nun prazo de quince días hábiles.

Corresponderá ditar a resolución do expediente ao órgano concedente e deberá ser notificada ao interesado nun prazo máximo de doce meses desde a data do acordo de iniciación. A resolución indicará quen é a persoa obrigada ao reintegro, as obrigas incumpridas, a causa do procedemento entre as previstas no punto segundo deste artigo e o importe que se deba reintegrar xunto aos xuros de demora.

5. De conformidade co artigo 90 do Regulamento polo que se desenvolve a Lei xeral de subvencións, enténdese por devolución voluntaria aquela que é realizada polo beneficiario sen o requirimento previo da Administración.

Para poder realizar o ingreso correspondente, será de aplicación o establecido na modificación da Orde do Ministerio de Economía e Facenda do 1 de febreiro de 1996 pola que se aproba a instrución de operatoria contable que debe seguir na execución do gasto do Estado, aprobada mediante a Orde HAP/336/2014, do 4 de marzo, pola que se modifican diversas instrucións de contabilidade no ámbito da Administración xeral do Estado.

O interesado deberá informar da súa intención de practicar unha devolución voluntaria e o seu importe ao servizo xestor concedente, e esperar a recepción do correspondente documento de ingreso 069, para facer efectivo o pagamento.

Artigo 34. *Criterios de graduación dos posibles incumprimentos.*

1. O incumprimento total dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos financiados ou da obriga de xustificación dará lugar ao reintegro do pagamento anticipado máis os xuros de demora desde o momento do pagamento ata a data en que se acorde o reintegro.

2. Cando o cumprimento polo beneficiario se aproxime de modo significativo ao cumprimento total e este acredite unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos seus compromisos e das condicións de outorgamento da axuda, terase en conta o seguinte criterio:

O incumprimento parcial dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización do investimento financiado, ou da obriga de xustificación, dará lugar ao reintegro do pagamento anticipado máis os xuros de demora, na porcentaxe correspondente ao investimento non efectuado ou non xustificable.

3. Para os efectos do disposto nos puntos anteriores, considerarase incumprimento total o equivalente a unha porcentaxe inferior ao 60 por cento de realización do gasto financiado, e cumprimento aproximado de modo significativo ao total, o equivalente a un 60 por cento ou superior.

Para efectos de calcular a anterior porcentaxe, enténdese como gasto non realizado o que non estea acreditado documentalmente, o que acredite conceptos non financiados, o que non respecte a desagregación de partidas da resolución de concesión e o gasto non facturado e/ou pagado.

4. En todo caso, o alcance do incumprimento será total nos seguintes casos:
 - a) O falseamento, a inexactitude ou a omisión nos datos subministrados polo beneficiario que servisen de base para a concesión.
 - b) Incumprimento da finalidade para a que a axuda foi concedida.
 - c) A non inscrición nos rexistros oficiais exixidos pola lexislación para o desenvolvemento da actividade financiada.

Artigo 35. *Recursos.*

1. De acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, contra as resolucións do procedemento regulado no presente real decreto lei, que poñerán fin á vía administrativa, poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición perante o órgano que a ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación. Sen prexuízo do anterior, contra as ditas resolucións cabe interpoñer recurso ante a Sala do Contencioso-Administrativo da Audiencia Nacional, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á data de notificación destas.

2. A interposición de recursos de reposición deberá realizarse ante o Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, a través do rexistro electrónico deste.

Artigo 36. *Publicidade.*

1. Toda referencia en calquera medio de difusión aos investimentos aprobados deberá incluír que foron financiados polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, tal como establece o artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

2. O incumprimento desta obriga considerárase infracción leve de acordo co artigo 56.c) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e sancionárase cunha multa fixa nos termos previstos no artigo 59 da mesma lei.

Artigo 37. *Non incremento do gasto público no funcionamento da comisión de avaliación e normativa aplicable.*

1. O funcionamento da comisión de avaliación a que se refire o artigo 28 será atendido cos medios persoais, técnicos e orzamentarios asignados ao órgano en que se encontra integrado.

2. En todo o non previsto neste real decreto lei e na correspondente resolución da convocatoria será de aplicación o establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no seu Regulamento de desenvolvemento aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, así como na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público; na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, e no Regulamento de desenvolvemento parcial da Lei 11/2007, do 22 de xuño, aprobado polo Real decreto 1671/2009, do 6 de novembro, e demais disposicións que resulten de aplicación.

3. De acordo co establecido na disposición adicional sexta da Lei 38/2003, do 17 de novembro, os préstamos que se outorguen ao abeiro deste real decreto lei rexeranse pola súa normativa específica e, na súa falta, polas prescricións da citada lei que resulten adecuadas á natureza destas operacións.

Programa de renovación do parque circulante español en 2020 (Plan Renove 2020)

Artigo 38. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Constitúe o obxecto dos artigos 38 a 52 a regulación do procedemento para a concesión directa de axudas, en forma de subvencións, correspondentes ao «Programa de renovación do parque circulante español en 2020 (Plan Renove 2020)», consistente en incentivar a adquisición en España de vehículos coas mellores tecnoloxías dispoñibles,

que permita a substitución dos vehículos máis antigos por modelos máis limpos e máis seguros, incorporando ao mesmo tempo criterios ambientais e sociais.

2. Para tal fin, as subvencións a que se refire este real decreto lei concederanse pola adquisición en España de vehículos a que se refiren as categorías detalladas no anexo II.

3. As axudas destinaranse á adquisición directa ou á adquisición por medio de operacións de financiamento por *leasing* financeiro ou arrendamento por *renting* (tamén chamado *leasing* operativo) dun vehículo novo, que deberá adquirirse e estar matriculado en España a partir do 15 de xuño de 2020, inclusive.

4. As axudas tamén se destinarán á adquisición directa a partir desa mesma data dun vehículo seminovo, que deberá ser previamente titularidade dun concesionario e matriculado en España ao seu nome con data posterior ao 1 de xaneiro de 2020.

5. A tipoloxía de vehículos subvencionables, a distribución do orzamento, o importe das axudas, a formalización das solicitudes e a documentación que se vaia presentar recóllense no anexo II.

Artigo 39. *Características, compatibilidade e concorrencia das subvencións.*

1. As subvencións outorgaranse ás solicitudes que cumpran con todos e cada un dos requisitos establecidos, e por orde de presentación das solicitudes, ata esgotarse o orzamento dispoñible, ou ben, se ocorre antes, ata que se alcance a data límite de vixencia do presente programa especificada no artigo 42.

2. As subvencións outorgaranse por unha soa vez, sen que caiba duplicidade en caso de sucesivas transmisións dun mesmo vehículo.

3. As subvencións non serán compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos vixentes para a mesma finalidade, procedentes da Administración xeral do Estado ou dos seus entes públicos ou privados. Tampouco serán compatibles con aquelas subvencións ou axudas xestionadas polas comunidades autónomas se os fondos ou recursos proveñen da Administración xeral do Estado.

4. No caso de que o solicitante sexa unha empresa, estas subvencións estarán sometidas aos requisitos e límites establecidos no Regulamento (UE) n.º 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas «de *minimis*» (DO L 352, do 24 de decembro de 2013), así como por calquera outra disposición que puidese resultar aplicable e ser aprobada durante a vixencia do Plan Renove 2020, respectándose as regras de acumulación que impiden que se excedan os límites de axuda establecidos no dito regulamento.

Para estes efectos, os solicitantes deberán declarar responsablemente as axudas «de *minimis*» recibidas durante os dous exercicios fiscais anteriores e durante o exercicio fiscal en curso, conforme o disposto no cuestionario de solicitude de axuda correspondente.

Artigo 40. *Beneficiarios.*

1. Poderán ser beneficiarios das subvencións previstas no Plan Renove 2020:

- a) Os profesionais autónomos.
- b) As persoas físicas maiores de idade residentes en España non incluídas na letra a).
- c) As empresas privadas, que teñan un establecemento validamente constituído en España no momento de presentar a solicitude, e outros tipos de persoas xurídicas cuxo número de identificación fiscal (NIF) comece polas letras A, B, C, D, E, F, G, J, N, R ou W.

2. Non poderán ser beneficiarios das subvencións previstas neste programa para a adquisición de vehículos os concesionarios ou puntos de venda cuxa epígrafe do imposto sobre actividades económicas sexa 615.1 ou 654.1. En caso de que o solicitante desenvolva varias actividades económicas distintas, entre as que se encontre algunha das citadas anteriormente, deberá declarar responsablemente no cuestionario de solicitude

que os vehículos para os que se solicita axuda non serán empregados en ningunha das actividades excluídas.

3. O solicitante deberá encontrarse ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social no momento da concesión da subvención.

Así mesmo, non deberá ter pendente obriga ningunha por reintegro de axudas coa Administración xeral do Estado e os seus organismos e entidades públicas dependentes ou vinculados. Igualmente, o beneficiario non deberá estar suxeito a unha orde de recuperación pendente tras unha decisión previa da Comisión Europea que declarase unha axuda ilegal e incompatible co mercado común.

4. Non poderán ser beneficiarias das subvencións previstas neste programa as empresas en crise, segundo se define esta situación no artigo 2, punto 18, do Regulamento (UE) n.º 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do tratado. O dito punto acreditarase mediante declaración responsable no cuestionario da solicitude de subvención.

5. No caso de adquisicións directas de vehículos ou mediante operacións de financiamento por *leasing* financeiro, enténdese por beneficiario, para os efectos deste real decreto lei, o titular da matriculación rexistrada no Rexistro Oficial de Vehículos da Dirección Xeral de Tráfico.

No caso de adquisicións mediante operacións de financiamento de arrendamento por *renting* para vehículos, o pagamento realizarase á empresa de *renting* ben que o destinatario final da axuda será o arrendatario.

Artigo 41. *Réxime de concesión, financiamento e contía das subvencións.*

1. Estas subvencións concederanse de forma directa, conforme os artigos 22 e 28 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e o capítulo III do título I do Regulamento da Lei xeral de subvencións, ao existir razóns de interese público, social e económico que non permiten promover a concorrencia competitiva.

2. O financiamento das subvencións realizarase con cargo ao orzamento, por importe total de 250.000.000 de euros, do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, Dirección Xeral de Industria e da Peme.

O orzamento total das axudas que se van conceder, así como o réxime da contía das axudas, distribuirase da forma e seguirá as regras previstas no anexo II.

3. Considerarase esgotado o orzamento dispoñible habilitado para a execución do presente programa cando se efectúe a última solicitude de axuda que totalice o importe correspondente a este.

Con posterioridade a ese momento, os solicitantes de axuda poderán seguir presentando solicitudes na aplicación informática correspondente, que entrarán a formar parte dunha lista de espera, e que serán atendidas por rigorosa orde de presentación destas, supeditada a que se producisen anulacións en solicitudes anteriores que liberen orzamento. A posibilidade de continuar presentando solicitudes finalizará definitivamente coa vixencia do programa. En ningún caso, a solicitude presentada e que forme parte da lista de espera sinalada neste punto xerará dereito ningún á percepción de subvencións.

Artigo 42. *Vixencia do programa e prazos para a presentación de solicitudes.*

1. O programa producirá efectos desde o 15 de xuño de 2020, e finalizará o 31 de decembro de 2020 ou, se ocorrese antes, cando se esgoten os importes dispoñibles establecidos no artigo 2 do anexo II do presente real decreto lei.

2. O prazo de presentación das solicitudes de axuda comprenderá desde o día de activación do sistema telemático de xestión de axudas do programa ata o 31 de decembro de 2020, ambos inclusive, ou ata que se esgoten os orzamentos establecidos no artigo 2 do anexo II do presente real decreto lei, en caso de producirse con anterioridade.

3. A data e hora de activación do sistema telemático de xestión de axudas será convenientemente notificada a través do portal do Plan Renove 2020.

Artigo 43. *Órganos competentes para instruír e resolver o procedemento de concesión e órgano responsable do seguimento das subvencións.*

1. O órgano competente para ordenar e instruír os procedementos de concesión será a Dirección Xeral de Industria e da Pequena e Mediana Empresa.
2. O órgano competente para resolver o procedemento de concesión de axudas será o titular do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, sen prexuízo das delegacións existentes sobre a materia.
3. Para os efectos do previsto no artigo 88.3 do Regulamento da Lei xeral de subvencións, o órgano encargado do seguimento das axudas será a Dirección Xeral de Industria e da Pequena e Mediana Empresa.

Artigo 44. *Xestión das axudas.*

1. Para a xestión das subvencións poderán intervir unha ou varias entidades colaboradoras que deberán cumprir os requisitos e as obrigas e desempeñar as funcións establecidas nos artigos 13 e 15 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e serán seleccionadas observando o disposto no artigo 16 da dita lei. En caso de seleccionar entidade colaboradora, poderán actuar como tal unicamente as entidades públicas empresariais e as sociedades mercantís estatais.

2. A xestión das axudas realizarase a través dun sistema electrónico de xestión e coas garantías exixidas na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e a restante normativa reguladora da Administración electrónica.

3. En caso de selección de entidade colaboradora e de acordo co establecido no artigo 17.3.c) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, esta deberá acreditar a súa solvencia económica e financeira mediante acreditación de ter depositado as súas contas anuais auditadas dos dous últimos exercicios no Rexistro Mercantil ou no que lle sexa de aplicación de acordo coa súa natureza xurídica.

A solvencia técnica e eficacia na xestión acreditarase polos seguintes medios:

- a) Relación dos principais traballos realizados nos tres últimos anos cuxa natureza poida servir para acreditar experiencia na materia obxecto de colaboración, especialmente relacionados coas administracións e entidades públicas e coa xestión de axudas públicas.
- b) As titulacións académicas e profesionais do persoal responsable da execución do obxecto de colaboración, así como do responsable dos aspectos técnicos do sistema ou modelo que se vai implantar, se é o caso.
- c) Declaración dos medios técnicos de que se dispoña para a eficaz realización do obxecto de colaboración.

Artigo 45. *Formalización e presentación de solicitudes.*

1. A presentación das solicitudes e da documentación adicional xustificativa efectuarase mediante sinatura electrónica avanzada na aplicación informática que se desenvolva para o efecto. As solicitudes serán atendidas por rigorosa orde de presentación, no prazo indicado no anexo II.

No caso de que o solicitante sexa unha persoa física, os puntos de venda poderán facilitarlle os medios electrónicos que lle permitan tramitar a solicitude de axuda. Para iso, deberá contar con certificado de sinatura electrónica avanzada. Así mesmo, o interesado poderá nomear un representante para a realización da solicitude e xestión da documentación, que deberá estar autorizado para tal efecto.

2. As solicitudes de axuda realizaranse cubrindo o formulario dispoñible na aplicación informática segundo as regras de procedemento previsto no anexo II.

Artigo 46. *Resolución e pagamento das axudas.*

1. Unha vez rexistrada a solicitude completa e toda a documentación xustificativa requirida no sistema electrónico de xestión polo solicitante, comprobarase que se cumpren todos os requisitos para a concesión da subvención.

2. Unha vez que se comprobou que se cumpren os requisitos para a concesión da subvención, validarase a solicitude.

3. O titular do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, nos termos previstos no artigo 43.2, ditará resolución respecto das solicitudes presentadas. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución ao interesado será de seis meses desde a data de formalización da solicitude completa e a achega de toda a documentación xustificativa. En caso de non ditarse e notificarse a resolución no prazo establecido, a solicitude entenderase desestimada por silencio administrativo.

4. Con posterioridade a ditar a resolución de concesión, procederase ao pagamento da axuda ao beneficiario por unha contía que deberá coincidir co indicado na solicitude. Os pagamentos realizaranse mediante transferencia a unha conta bancaria indicada polo beneficiario e recoñecida polo Tesouro Público.

5. As resolucións de concesión da axuda serán comunicadas a cada un dos beneficiarios. A comunicación electrónica substituirá a notificación dos actos do procedemento e producirá todos os seus efectos. O beneficiario recibirá aviso, por calquera medio que permita ter constancia da súa recepción, de que a resolución de concesión foi publicada na web do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo (www.mincotur.gob.es).

6. Contra a resolución, que poñerá fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano que a ditou, ou ben recorrer directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativo, na forma e prazos previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 47. *Obrigas esenciais dos solicitantes e beneficiarios.*

Serán obrigas esenciais dos solicitantes e beneficiarios:

a) Seguir a metodoloxía e o procedemento establecidos no presente real decreto lei, así como o cumprimento dos requisitos exixidos, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determina a concesión da axuda, e a conservación dos xustificantes e documentación correspondente acreditativa de tales puntos, nos termos previstos polo anexo II.

b) O beneficiario da axuda estará obrigado a facilitar as comprobacións encamiñadas a garantir a correcta realización da actuación obxecto desta. Así mesmo, estará sometido ás actuacións de comprobación, ao control financeiro da Intervención Xeral da Administración do Estado, ao control fiscalizador do Tribunal de Contas e, se é o caso, ao establecido na normativa aplicable á xestión de axudas cofinanciadas con fondos comunitarios da Unión Europea.

c) O beneficiario deberá cumprir cos requisitos exixidos nos puntos 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e o establecido no artigo 40 do presente real decreto lei. Igualmente, e se é o caso, non deberá estar definida como empresa en crise, segundo se define no artigo 2, punto 18, do Regulamento (UE) n.º 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014. Para estes efectos, o solicitante subscribirá, xunto coa respectiva solicitude de axuda, as declaracións responsables pertinentes, sen prexuízo do disposto no artigo 5.1.a) do anexo II.

d) O beneficiario da axuda deberá manter a titularidade do vehículo e a súa matriculación en España, cando menos, durante dous anos desde o momento da concesión da subvención.

Artigo 48. *Seguimento e control das axudas.*

1. O Ministerio de Industria, Comercio e Turismo realizará as pertinentes actuacións de seguimento e control das axudas concedidas ao abeiro deste real decreto lei, sen prexuízo das que corresponda realizar en virtude do disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro.

2. O Ministerio de Industria, Comercio e Turismo poderá comunicar, telematicamente, ao Rexistro de Vehículos, a través do procedemento establecido pola Dirección Xeral de Tráfico, o nome dos titulares e os vehículos beneficiarios das subvencións, coa finalidade de realizar o control das obrigas recollidas no artigo 47.d) deste real decreto lei.

Artigo 49. *Causas de anulación ou de reintegro das axudas.*

1. Con independencia das devolucións que procedan de acordo co establecido no artigo 36 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, procederá o reintegro, total ou parcial, e a exixencia do xuro de demora desde a data do pagamento da subvención ata que se acorde a procedencia do reintegro desta, nos supostos regulados no artigo 37 da citada lei, así como nos demais previstos expresamente polo presente real decreto lei.

2. No caso de incumprimentos parciais, determinarase a cantidade que deba reintegrar o beneficiario de acordo co principio de proporcionalidade e en función dos custos xustificadas e das actuacións acreditadas, de conformidade co disposto no artigo 37.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, en relación co artigo 17.3.n) da dita lei.

Artigo 50. *Publicidade.*

En todas as referencias que realicen os beneficiarios, en calquera medio de difusión, ás axudas reguladas neste real decreto lei deberá figurar que foron financiadas polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, tal como establece o artigo 18.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

Artigo 51. *Confidencialidade e protección de datos de carácter persoal.*

1. De conformidade coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, a información e os datos de carácter persoal que reciba, se é o caso, o Ministerio de Industria, Comercio e Turismo por parte de calquera solicitante, beneficiario ou interesado, en xeral, tamén terá carácter confidencial, e serán recollidos por este para seren incorporados, respectivamente, aos ficheiros automatizados titularidade e responsabilidade del, coa finalidade de verificar o cumprimento, control e seguimento das obrigas establecidas polo presente real decreto lei. Os interesados poderán exercer persoalmente os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición mediante escrito.

2. Non obstante o anterior, e coa formalización da súa adhesión ao presente programa, na forma establecida por este real decreto lei, os beneficiarios aceptan a publicación daqueles datos da axuda concedida que permitan garantir a publicidade, obxectividade e concorrencia destas axudas.

3. A información sobre as concesións de subvencións realizadas ao abeiro deste real decreto lei comunicarase á Base de datos nacional de subvencións nos termos en que se establece a dita obriga no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

Artigo 52. *Réxime xurídico.*

As subvencións cuxa concesión se regula nos artigos 38 a 52 deste real decreto lei rexeranse, ademais de polo que nel se dispón, en que corresponda, polo previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, no seu regulamento, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, no Regulamento (UE) n.º 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, no Regulamento (UE) n.º 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, e nas demais disposicións que resulten de aplicación.

Disposición adicional primeira. *Crédito extraordinario no Ministerio de Industria, Comercio e Turismo para atender o Plan Renove do Plan de impulso da cadea de valor da industria da automoción.*

Apróbase a concesión dun crédito extraordinario por importe total de 250 millóns de euros no Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, aplicación orzamentaria 20.09.422B.782 «Plan Renove, dentro do Plan de impulso da cadea de valor da industria da automoción».

O financiamento do crédito extraordinario realizarase de conformidade co artigo 46 da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para 2018.

Coa aprobación deste real decreto lei outórgase a autorización e aprobación a que se refiren os artigos 10.2 e 34.1, respectivamente, da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Disposición adicional segunda. *Bonificación do pagamento de aranceis notariais e do Rexistro da Propiedade.*

1. Os dereitos arancelarios notariais e rexistrais derivados da formalización e inscrición da novación do préstamo hipotecario que inclúa a moratoria sinalada no artigo 3 serán satisfeitos en todo caso polo acredor e bonificaranse nun 50 por cento nos seguintes termos:

a) Polo outorgamento da escritura devindicarse o arancel correspondente ás escrituras de novación hipotecaria, previsto na letra f) do punto 1 do número 1 do anexo I do Real decreto 1426/1989, do 17 de novembro, polo que se aproba o arancel dos notarios, reducidos ao 50 por cento, sen que se devindique cantidade ningunha a partir do quinto folio de matriz e de copia, xa sexa copia autorizada ou copia simple. O arancel mínimo previsto será de 30 euros e o máximo de 75.

b) Pola práctica da inscrición aplicarase o arancel previsto para as novacións modificativas no artigo 2.1.g) do anexo I do Real decreto 1427/1989, do 17 de novembro, polo que se aproba o arancel dos rexistradores. Ao resultado aplicaráselle unha bonificación do 50 por cento. O arancel mínimo previsto será de 24 euros e o máximo de 50 euros.

2. Unha vez formalizada a escritura pública, será remitida polo notario autorizante ao Rexistro da Propiedade a través de calquera dos medios de presentación que permite a Lei hipotecaria.

Disposición adicional terceira. *Ámbito de aplicación da moratoria hipotecaria no sector turístico.*

As actividades económicas do sector turístico a que se refire o artigo 3 serán as encadradas no código CNAE 5510 (hoteles e aloxamentos similares), 5520 (aloxamentos turísticos e outros aloxamentos de curta estadía) e 7911 (actividades de axencias de viaxes).

Disposición adicional cuarta. *Medidas de apoio á prolongación do período de actividade dos traballadores con contratos fixos descontinuos nos sectores de turismo e comercio e hostalaría vinculados á actividade turística.*

1. As empresas, excluídas as pertencentes ao sector público, dedicadas a actividades encadradas nos sectores do turismo, así como os do comercio e hostalaría, sempre que se encontren vinculadas ao dito sector do turismo, que xeren actividade produtiva nos meses de xullo, agosto, setembro e outubro de 2020, e que inicien ou manteñan en alta durante os ditos meses a ocupación dos traballadores con contratos de carácter fixos, descontinuo, poderán aplicar unha bonificación nos ditos meses do 50 por cento das cotas empresariais á Seguridade Social por continxencias comúns, así como polos conceptos de

recadación conxunta de desemprego, Fogasa e formación profesional dos ditos traballadores.

As bonificacións de cotas serán aplicadas pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social por instancia da empresa, logo de comunicación da identificación das persoas traballadoras, e logo de presentación de declaración responsable, respecto de cada código de conta de cotización e mes de devindicación, sobre a súa vinculación ao sector do turismo.

Para que as bonificacións resulten de aplicación as declaracións responsables deberanse presentar antes de solicitarse o cálculo da liquidación de cotas correspondente ao período de devindicación de cotas sobre o que teñan efectos as ditas declaracións.

A presentación das declaracións responsables a que se refire este artigo deberanse realizar a través do Sistema de remisión electrónica de datos no ámbito da Seguridade Social (Sistema RED), regulado na Orde ESS/484/2013, do 26 de marzo.

2. A bonificación regulada neste artigo será de aplicación en todo o territorio nacional.

3. As bonificacións previstas para as contratacións establecidas no Programa de fomento do emprego regulado nesta lei financiaranse con cargo á correspondente partida orzamentaria do Servizo Público de Emprego Estatal.

4. As bonificacións de cotas da Seguridade Social aplicaraas a Tesouraría Xeral da Seguridade Social nas correspondentes liquidacións de cotas sen prexuízo do seu control e revisión posterior pola Inspección de Traballo e Seguridade Social.

5. Estas bonificacións serán compatibles coas exencións de cotas empresariais á Seguridade Social. O importe resultante de aplicar as exencións e estas bonificacións non poderá, en ningún caso, superar o 100 por 100 da cota empresarial que correspondese ingresar.

Disposición adicional quinta. *Explotación de resultados en proxectos relacionados coa emerxencia sanitaria COVID-19 que obtivesen financiamento público.*

Cando o resultado dun proxecto que obtivese financiamento público con cargo aos orzamentos das administracións públicas españolas ou dos seus organismos ou entidades de dereito público sexa un medicamento ou un produto sanitario, ou produtos intermedios para a súa ulterior transformación industrial en medicamentos ou produtos sanitarios, ou os equipamentos, modelos, prototipos, sistemas ou enxeñarías de proceso necesarios para o seu desenvolvemento, que responda a necesidades derivadas da emerxencia sanitaria ocasionada polo coronavirus SARS-COVID-2 e existan dificultades na escalada e produción destes que poidan desembocar en situacións de escaseza de existencias para satisfacer a demanda interna será necesario concluír mecanismos de colaboración público-privada con obxecto de superar estes obstáculos, de acordo coas seguintes regras:

a) O acordo de colaboración, efectuado baixo calquera forma permitida en dereito, deberá ser suscrito entre o axente financiador do Sistema español de ciencia, tecnoloxía e innovación e a entidade beneficiaria de tales fondos. No caso de que a forma do acordo deba ser o contrato, por referirse o seu obxecto ás prestacións propias destes definidas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, a contratación deberá realizarse conforme esta lei.

b) O acordo recollerá, exclusivamente cando a Axencia Española de Medicamentos e Produtos Sanitarios (AEMPS) determinase que o nivel de produción ou de existencias de tales medicamentos ou produtos sanitarios non basta para satisfacer a demanda interna, a suxeición da exportación destes á autorización previa da AEMPS. Igualmente, a Administración sanitaria do Estado poderá determinar o seu abastecemento centralizado de conformidade co preceptuado polo artigo cuarto da Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública.

c) En todo caso, o acordo que se subscriba deberá axustarse ao principio de proporcionalidade e deberá limitarse a garantir o obxectivo da adecuada protección da

saúde pública mediante un abastecemento suficiente de tales medicamentos ou produtos sanitarios, mentres dure o problema de abastecemento.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto legislativo 1/1993, do 24 de setembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.*

Engádesse un número 30 ao artigo 45.I.B) do texto refundido da Lei do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1993, do 24 de setembro, coa seguinte redacción:

«30. As escrituras de formalización das moratorias de préstamos e créditos hipotecarios e de arrendamentos sen garantía hipotecaria que se produzan en aplicación da moratoria hipotecaria para o sector turístico, regulada nos artigos 3 a 9 do Real decreto lei 25/2020, do 3 de xullo, de 2020.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.*

Engádesse un novo punto 7 á disposición adicional cuarta, coa seguinte redacción:

«7. As resolucións do Consello Xestor do Fondo de Apoio á Solvencia de Empresas Estratéxicas directamente, en única instancia, ante a Sala do Contencioso-Administrativo da Audiencia Nacional.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018.*

Modifícase o punto un da disposición adicional sexaxésima da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, que queda redactado como segue:

«Disposición adicional sexaxésima. *Dotación dos fondos de fomento ao investimento español con interese español no exterior.*

Un. A dotación do Fondo para Investimentos no Exterior establécese en 100.000 miles de euros no ano 2020. O Comité Executivo do Fondo para Investimentos no Exterior poderá aprobar durante o ano 2020 operacións por un importe total máximo equivalente a 300.000 miles de euros.»

Disposición derradeira cuarta. *Modificación do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19.*

Un. Modifícase o parágrafo b) do artigo 31.1 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, que queda redactado como segue:

«b) Beneficiarios: as empresas españolas consideradas como pequenas e medianas empresas conforme a definición do anexo I do Regulamento UE 651/2014 da Comisión, así como outras empresas de maior tamaño, nas cales concorran as seguintes circunstancias:

– Que se trate de empresas internacionalizadas ou en proceso de internacionalización, ao cumprir ao menos un dos seguintes requisitos:

• Empresas en que o negocio internacional, reflectido na súa última información financeira dispoñible, represente cando menos un terzo (33 %) da súa cifra de negocios, ou

- empresas que sexan exportadoras regulares (aquelas empresas que exportasen regularmente durante os últimos catro anos conforme os criterios establecidos pola Secretaría de Estado de Comercio).

- Que a empresa se enfrente a un problema de liquidez ou de falta de acceso ao financiamento resultado do impacto da crise do COVID-19 na súa actividade económica.»

Dous. Engádesse un parágrafo e) ao artigo 31.1 coa seguinte redacción:

«e) Poderá destinarse ata un máximo do 35% do importe da liña a entidades cotizadas.»

Tres. Engádesse un parágrafo ao artigo 40.8, coa seguinte redacción:

«8. Aínda que concorra causa legal ou estatutaria, nas sociedades de capital os socios non poderán exercer o dereito de separación ata que finalice o estado de alarma e as súas prórrogas que, se é o caso, se acorden.

Non obstante, o dereito de separación previsto nos puntos 1 e 4 do artigo 348 bis do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto Legislativo 1/2010, do 2 de xullo, suspéndese ata o 31 de decembro de 2020.»

Disposición derradeira quinta. *Modificación do Real decreto lei 20/2020, do 29 de maio, polo que se establece o ingreso mínimo vital.*

Un. Engádesse un novo punto 4 no artigo 20, nos seguintes termos:

«4. As resolucións das prestacións de ingreso mínimo vital comunicaraas o Instituto Nacional da Seguridade Social, sen necesidade do consentimento previo do titular dos datos persoais, ás comunidades autónomas e entidades locais a través da adhesión aos procedementos informáticos cos requisitos establecidos polo Instituto Nacional da Seguridade Social, coa finalidade de facilitar a información estritamente necesaria para o recoñecemento e control das prestacións competencia das ditas administracións. A información facilitada non poderá ser utilizada con ningunha outra finalidade se non é co consentimento do interesado. Todo iso en aplicación dos artigos 5.1.b) e c) e 6 do Regulamento (UE) n.º 2016/679 e do artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Nas condicións establecidas no parágrafo anterior, comunicaranse as resolucións das prestacións do ingreso mínimo vital aos órganos competentes da Administración xeral do Estado, das comunidades autónomas e, se é o caso, ás corporacións locais, para a realización daquelas actividades que, no marco da colaboración e cooperación, deban realizar as ditas administracións, en materia de xestión e control do ingreso mínimo vital que corresponde ao Instituto Nacional da Seguridade Social.

Así mesmo, nas condicións establecidas no primeiro parágrafo, o Instituto Nacional da Seguridade Social poderá comunicar de forma telemática, sen o consentimento previo do titular dos datos persoais, a información que resulte necesaria sobre o ingreso mínimo vital ás institucións e organismos públicos que o soliciten para que poidan realizar, dentro do ámbito das súas competencias, actuacións derivadas da aplicación do ingreso mínimo vital.»

Dous. Engádesse un cuarto parágrafo ao punto 3 da disposición transitoria primeira, nos seguintes termos:

«Nos supostos en que a unidade de convivencia descrita na letra b) do punto 2 tivese o seu domicilio na Comunidade Foral de Navarra ou a do País Vasco, a referencia á Axencia Estatal de Administración Tributaria realizada no parágrafo

anterior entenderase referida ás facendas tributarias forais de Navarra e dos territorios históricos do País Vasco, respectivamente.»

Disposición derradeira sexta. *Título competencial.*

Este real decreto lei dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.1.^a, 6.^a, 7.^a, 8.^a, 10.^a, 11.^a, 13.^a, 14.^a, 15.^a, 17.^a, 18.^a, 21.^a, 23.^a e 25.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre a regulación das condicións básicas que garantan a igualdade de todos os españois no exercicio dos dereitos e no cumprimento dos deberes constitucionais; lexislación mercantil, penal e penitenciaria; lexislación procesual, sen prexuízo das necesarias especialidades que nesta orde deriven das particularidades do dereito substantivo das comunidades autónomas; lexislación laboral; lexislación civil; do réxime alfandegueiro e arancelario e comercio exterior; bases da ordenación de crédito, banca e seguros; sobre as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica; facenda xeral e débeda do Estado; fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica; lexislación básica e réxime económico da Seguridade Social; bases do réxime xurídico das administracións públicas; lexislación básica sobre contratos e concesións administrativas; telecomunicacións; tráfico e circulación de vehículos de motor, lexislación básica sobre protección do ambiente, sen prexuízo das facultades das comunidades autónomas de establecer normas adicionais de protección e bases do réxime mineiro e enerxético.

Disposición derradeira sétima. *Desenvolvemento regulamentario e execución.*

Habílitase o Goberno e as persoas titulares dos departamentos ministeriais, no ámbito das súas competencias, para ditaren cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e execución do disposto neste real decreto lei.

Disposición derradeira oitava. *Habilitación normativa para o Plan Renove.*

Facúltase a ministra de Industria, Comercio e Turismo para modificar o contido do anexo II: Plan Renove 2020, así como ditar as normas de desenvolvemento que resulten necesarias para a correcta aplicación das disposicións contidas nos artigos 38 a 52 relativas ao Programa de renovación do parque circulante español en 2020 (Plan Renove 2020).

Disposición derradeira novena. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 3 de xullo de 2020.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
PEDRO SÁNCHEZ PÉREZ-CASTEJÓN

ANEXO I

Orzamento de explotación e capital do Fondo de Apoio á Solvencia de Empresas Estratéxicas

Orzamentos xerais do Estado 2020

Entidade: Fondo de Apoio á Solvencia de Empresas Estratéxicas

N.º contas	Orzamento de explotación Conta do resultado económico patrimonial		(En miles de euros) 2020
	1. Transferencias e subvencións recibidas.		0,00
	a)	Do exercicio.	0,00
751	a.1)	Subvencións recibidas para financiar gastos do exercicio	0,00
		- da Administración xeral do Estado	
		- dos organismos autónomos da Administración xeral do Estado	
		- doutros do sector público estatal de carácter administrativo	
		- do sector público estatal de carácter empresarial ou fundacional	
		- da Unión Europea	
		- doutros (especificar)	
750	a.2)	Transferencias	0,00
		- da Administración xeral do Estado	
		- dos organismos autónomos da Administración xeral do Estado	
		- doutros do sector público estatal de carácter administrativo	
		- do sector público estatal de carácter empresarial ou fundacional	
		- da Unión Europea	
		- doutros (especificar)	
752	a.3)	Subvencións recibidas para cancelación de pasivos que non supoñan financiamento específico dun elemento patrimonial	0,00
		- da Administración xeral do Estado	
		- dos organismos autónomos da Administración xeral do Estado	
		- doutros do sector público estatal de carácter administrativo	
		- do sector público estatal de carácter empresarial ou fundacional	
		- da Unión Europea	
		- doutros (especificar)	
754	b)	Imputación de subvencións para activos correntes e outras.	
777	2. Outros ingresos de xestión ordinaria.		38,05
795	3. Excesos de provisións.		
	A) TOTAL INGRESOS DE XESTIÓN ORDINARIA (1+2+3).		38,05

N.º contas	Orzamento de explotación Conta do resultado económico patrimonial		(En miles de euros) 2020
-65	4.	Transferencias e subvencións concedidas	0,00
		- ao sector público estatal de carácter administrativo	
		- ao sector público estatal de carácter empresarial ou fundacional	
		- a outros (especificar)	
	5.	Outros gastos de xestión ordinaria.	-2.250,00
-62	a)	Abastecementos e servizos exteriores.	
-676	b)	Outros.	-2.250,00
	B)	TOTAL DE GASTOS DE XESTIÓN ORDINARIA (4+5).	-2.250,00
	I.	Resultado (aforro ou desaforro) da xestión ordinaria (A+B).	-2.211,95
	6.	Outras partidas non ordinarias.	0,00
778	a)	Ingresos.	
-678	b)	Gastos.	
	II.	Resultado das operacións non financeiras (I+6).	-2.211,95
	7.	Ingresos financeiros.	0,00
	a)	De participacións en instrumentos de patrimonio.	0,00
7630	a.1)	En entidades do grupo, multigrupo e asociadas.	
760	a.2)	Noutras entidades.	
	b)	De valores negociables e de créditos do activo inmovilizado.	0,00
7631, 7632	b.1)	En entidades do grupo, multigrupo e asociadas.	
761, 762, 769, 76454, (66454)	b.2)	Outros.	
	8.	Gastos financeiros.	0,00
-663	a)	Por débedas con entidades do grupo, multigrupo e asociadas.	
(660), (662), (669), 76451, (66451)	b)	Outros.	
	9.	Variación do valor razoable en activos e pasivos financeiros.	0,00
7646, (6646)	a)	Derivados financeiros.	
7640, 76452, 76453, (6640), (66452), (66453)	b)	Outros activos e pasivos a valor razoable con imputación en resultados.	
7641, (6641)	c)	Imputación ao resultado do exercicio por activos financeiros dispoñibles para a venda.	
768, (668)	10.	Diferenzas de cambio.	
	11.	Deterioración de valor, baixas e alleamentos de activos e pasivos financeiros.	0,00
7960, 7961, 7965, 766, (6960), (6961), (6965), (666), 7970, (6970), (6670)	a)	De entidades do grupo, multigrupo e asociadas.	
765, 7966, 7971, (665), (6671), (6962), (6966), (6971)	b)	Outros.	

N.º contas	Orzamento de explotación Conta do resultado económico patrimonial	(En miles de euros) 2020
	III. Resultado das operacións financeiras (7+8+9+10+11).	0,00
	IV. Resultado (aforro ou desaforro) neto do exercicio (II+III).	-2.211,95

Orzamento de capital Estado de fluxos de efectivo		(En miles de euros) 2020
I. FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE XESTIÓN		
A)	Cobramentos: (+)	38,05
	1. Transferencias e subvencións recibidas.	
	2. Xuros e dividendos cobrados.	38,05
	3. Outros cobramentos.	
B)	Pagamentos: (-).	-2.250,00
	4. Transferencias e subvencións concedidas.	
	5. Outros gastos de xestión.	-2.250,00
	6. Xuros pagados	
	7. Outros pagamentos	
	Fluxos netos de efectivo por actividades de xestión (A+B)	-2.211,95
II. FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE INVESTIMENTO		
C)	Cobramentos: (+).	0,00
	Venda de activos financeiros.	
D)	Pagamentos: (-).	-3.000.000,00
	Compra de activos financeiros e concesión de créditos	-3.000.000,00
	Fluxos netos de efectivo por actividades de investimento (C+D)	-3.000.000,00
III. FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE FINANCIAMENTO		
E)	Aumentos no patrimonio: (+)	10.000.000,00
	1. Achegas da entidade en que se integra o fondo	10.000.000,00
F)	Pagamentos á entidade en que se integra o fondo: (-)	0,00
	2. Devolución de achegas e repartición de resultados á entidade en que se integra o fondo	
G)	Cobramentos por emisión de pasivos financeiros: (+)	0,00
	3. Préstamos recibidos	
	4. Outras débedas	
H)	Pagamentos por reembolso de pasivos financeiros: (-)	0,00
	5. Préstamos recibidos	
	6. Outras débedas	
	Fluxos netos de efectivo por actividades de financiamento (E+F+G+H)	10.000.000,00

Orzamento de capital Estado de fluxos de efectivo		(En miles de euros) 2020
IV. FLUXOS DE EFECTIVO PENDENTES DE CLASIFICACIÓN		
I)	Cobramentos pendentes de aplicación (+)	
J)	Pagamentos pendentes de aplicación (-)	
	Fluxos netos de efectivo pendentes de clasificación (I+J)	0,00
V. EFECTO DAS VARIACIÓNS DOS TIPOS DE CAMBIO (+/-)		
VI. INCREMENTO/DIMINUCCIÓN NETA DO EFECTIVO E ACTIVOS LÍQUIDOS EQUIVALENTES AO EFECTIVO (I+II+III+IV+V)		6.997.788,05
	Efectivo e activos líquidos equivalentes ao efectivo ao inicio do exercicio	0,00
	Efectivo e activos líquidos equivalentes ao efectivo ao final do exercicio	6.997.788,05

ANEXO II

Plan Renove 2020

Artigo 1. Vehículos subvencionables.

1. Os vehículos susceptibles de seren subvencionados deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) As subvencións obxecto deste programa destinaranse á adquisición directa ou á adquisición por medio de operacións de financiamento por *leasing* financeiro ou arrendamento por *renting* (tamén chamado *leasing* operativo) de vehículos novos, entendendo como tal aquel procedente de fábrica, matriculado por primeira vez en España, a nome do destinatario último da axuda, salvo nos casos de *renting*, en que poderá estar matriculado a nome da empresa de *renting*. Ademais, a data de factura de compravenda e data de matriculación será, cando menos, do 15 de xuño de 2020 ou posterior. O pagamento do prezo do vehículo, incluído o aboamento de posibles cantidades á conta ou baixo calquera outro concepto, deberá ser realizado, igualmente, o 15 de xuño de 2020 ou posteriormente.

b) As subvencións recollidas neste programa tamén se destinarán á adquisición directa dun vehículo seminovo. O dito vehículo deberá estar previamente en posesión dun concesionario e matriculado en España ao seu nome con data posterior ao 1 de xaneiro de 2020. Ademais, e ao igual que un vehículo novo, a data de factura de compravenda será igual ou posterior ao 15 de xuño de 2020. O pagamento do prezo do vehículo, incluído o aboamento de posibles cantidades á conta ou baixo calquera outro concepto deberá ser realizado igualmente en, ou con posterioridade á dita data.

c) No caso concreto das axudas que se concedan para a adquisición de vehículos homologados como GLP, GNC, GNL ou bifuel gasolina-gas, entenderase por vehículo novo aquel procedente de fábrica ou transformado e garantido baixo o control do fabricante a través da súa rede autorizada e matriculado por primeira vez en España a nome do destinatario último da axuda.

d) En calquera caso, todos os vehículos da categoría M1 e o resto de categorías de vehículos que utilicen combustibles alternativos deberán estar rexistrados na base de datos de «Consumo de carburantes e emisións de CO₂ en coches novos», elaborada pola entidade pública empresarial Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE).

2. En calquera caso, o vehículo susceptible de axuda deberá pertencer a algunha das categorías que se detallan a continuación:

a) Turismos M1: vehículos de motor deseñados e fabricados principalmente para o transporte de pasaxeiros e a súa equipaxe que teñan, como máximo, oito prazas de

asento, ademais da do condutor, sen espazo para pasaxeiros de pé, independentemente de que o número de prazas de asento se limite ou non á praza de asento do condutor.

b) Autobuses ou autocares M2: vehículos de motor deseñados e fabricados principalmente para o transporte de pasaxeiros e a súa equipaxe que teñan máis de oito prazas de asento, ademais da do condutor e cuxa masa máxima non sexa superior a 5 toneladas, independentemente de que os ditos vehículos de motor teñan ou non espazo para pasaxeiros de pé.

c) Autobuses ou autocares M3: vehículos de motor deseñados e fabricados principalmente para o transporte de pasaxeiros e a súa equipaxe que teñan máis de oito prazas de asento, ademais da do condutor, e cuxa masa máxima sexa superior a 5 toneladas, independentemente de que os ditos vehículos de motor teñan ou non espazo para pasaxeiros de pé.

d) Furgonetas ou camións lixeiros N1: vehículos de motor deseñados e fabricados principalmente para o transporte de mercadorías cuxa masa máxima non sexa superior a 3,5 toneladas.

e) Furgóns ou camións lixeiros N2: vehículos de motor deseñados e fabricados principalmente para o transporte de mercadorías cuxa masa máxima sexa superior a 3,5 toneladas, pero non supere as 12 toneladas.

f) Furgóns ou camións N3: vehículos de motor deseñados e fabricados principalmente para o transporte de mercadorías cuxa masa máxima sexa superior a 12 toneladas.

g) Motocicletas L3, L4, L5 e L3e, L4e e L5e: vehículos con dúas rodas, ou con tres rodas simétricas ou asimétricas con respecto ao eixe medio lonxitudinal do vehículo, cunha velocidade de deseño superior aos 45 km/h.

3. Os modelos de vehículos da categoría M1 e o resto de categorías que utilicen combustibles alternativos susceptibles de seren incentivados deben figurar na Base de vehículos do IDAE, (<http://coches.idae.es/base-datos/vehiculos-elegibles-programa-MOVES>), e aqueles pertencentes ás categorías M e N deberán cumprir algún dos seguintes requisitos:

a) Vehículos convencionais propulsados totalmente mediante motores de combustión interna de gasolina ou gasóleo.

b) Vehículos propulsados por motores de combustión interna que poidan utilizar combustibles alternativos, homologados como GLP/autogás, gas natural comprimido (GNC), gas natural licuado (GNL), ou bifuel gasolina-gas.

c) Vehículos eléctricos puros (BEV), propulsados total e exclusivamente mediante motores eléctricos cuxa enerxía procede, parcial ou totalmente, da electricidade das súas baterías, que utilizan para a súa recarga a enerxía dunha fonte exterior ao vehículo, por exemplo, a rede eléctrica.

d) Vehículos eléctricos de autonomía estendida (REEV), propulsados total e exclusivamente mediante motores eléctricos cuxa enerxía procede, parcial ou totalmente, da electricidade das súas baterías, que utilizan para a súa recarga a enerxía dunha fonte exterior ao vehículo e que incorporan motor de combustión interna de gasolina ou gasóleo para a recarga destas.

e) Vehículos híbridos enchufables (PHEV), propulsados total ou parcialmente mediante motores de combustión interna de gasolina ou gasóleo e eléctricos cuxa enerxía procede, parcial ou totalmente, da electricidade das súas baterías, que utilizan para a súa recarga a enerxía dunha fonte exterior ao vehículo, por exemplo, a rede eléctrica. O motor eléctrico deberá estar alimentado con baterías cargadas desde unha fonte de enerxía externa.

f) Vehículos híbridos (HEV), propulsados, total ou parcialmente, mediante motores de combustión interna de gasolina ou gasóleo e eléctricos cuxa enerxía procede, totalmente, da electricidade das súas baterías, que utilizan para a súa recarga a enerxía xerada internamente polo propio vehículo.

g) Vehículo eléctrico de células de combustible (FCV), que utiliza exclusivamente enerxía eléctrica procedente dunha pila de combustible de hidróxeno embarcado.

h) Vehículo eléctrico híbrido de células de combustible (FCHV), que equipa, ademais, baterías eléctricas recargables.

4. Os vehículos das categorías M1 e N1 deberán cumprir cos seguintes requisitos:

a) Estar clasificados nalgunha das seguintes categorías, segundo se establece na Resolución do 13 de abril de 2016, da Dirección Xeral de Tráfico, pola que se modifica o punto C.1 do punto primeiro e os anexos I, II e VIII da do 8 de xaneiro de 2016, pola que se establecen medidas especiais de regulación do tráfico durante o ano 2016:

i. CERO emisións: vehículos clasificados no Rexistro de Vehículos como vehículos eléctricos de batería (BEV), vehículo eléctrico de autonomía estendida (REEV), vehículo eléctrico híbrido enchufable (PHEV) cunha autonomía mínima de 40 quilómetros ou vehículos de pila de combustible.

ii. ECO: vehículos clasificados no Rexistro de Vehículos como vehículos híbridos enchufables con autonomía menor de 40 km, vehículos híbridos non enchufables (HEV), vehículos propulsados por gas natural, vehículos propulsados por gas natural comprimido (GNC) ou gas licuado do petróleo (GLP). En todo caso, deberán cumprir os criterios da etiqueta C.

iii. C: Vehículos clasificados no Rexistro de Vehículos como gasolina EURO 4, 5 ou 6 ou diésel EURO 6.

b) Os vehículos convencionais da categoría M1 propulsados total ou parcialmente por motores de combustión interna de gasolina ou gasóleo, e que cumpran os requisitos que se recollen no artigo 1, punto 3, a), e) ou f), deste anexo na data de solicitude de axuda deberán estar clasificados como clase A ou B na «Base de datos do IDAE de consumo de carburantes e emisións de CO₂ en coches novos» publicada na páxina web do IDAE, conforme o disposto polo Real decreto 837/2002, do 2 de agosto, polo que se regula a información relativa ao consumo de combustible e ás emisións de CO₂ dos turismos novos que se poñan á venda ou se ofrezan en arrendamento en territorio español.

Ademais, os vehículos turismo da categoría M1 deberán acreditar unhas emisións de CO₂ homologadas non superiores a 120 gCO₂/km, mentres que os vehículos M1 con carrozaría AF multiúso e as furgonetas lixeiras da categoría N1 de menos de 2.500 kg de masa máxima tecnicamente admisible (MMTA) deberán acreditar unhas emisións de CO₂ homologadas non superiores a 155 gCO₂/km. As ditas emisións están referidas aos valores de emisións NEDC determinados de acordo cos regulamentos de execución (UE) 2017/1153 e 2017/1152.

Os vehículos da categoría M1 e o resto de categorías de vehículos que utilicen combustibles alternativos que cumpran os requisitos que se recollen no artigo 1, punto 3.b), c), d), g) ou h) deste anexo, na data de solicitude de axuda deberán figurar na «Base de datos do IDAE de consumo de carburantes e emisións de CO₂ en coches novos» publicada na páxina web do IDAE, conforme o disposto polo Real decreto 837/2002, do 2 de agosto. Ademais, os vehículos turismo da categoría M1 deberán acreditar unhas emisións de CO₂ homologadas non superiores a 120 gCO₂/km, mentres que os vehículos M1 con carrozaría AF multiúso e as furgonetas lixeiras da categoría N1 de menos de 2500 kg de masa máxima tecnicamente admisible (MMTA) deberán acreditar unhas emisións de CO₂ homologadas non superiores a 155 gCO₂/km. As ditas emisións están referidas aos valores de emisións NEDC determinados de acordo cos regulamentos de execución (UE) 2017/1153 e 2017/1152.

c) No caso dos vehículos de categorías M1 e N1 homologados segundo o Regulamento (CE) n.º 595/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xuño de 2009, relativo á homologación dos vehículos de motor e os motores no concerninte ás emisións dos vehículos pesados (Euro VI) non se aplicarán os puntos anteriores b) e c).

d) No caso de adquisición de vehículos novos ou seminovos dos reflectidos na letra b) do punto 1 deste mesmo artigo, de categorías M1 e N1, será requisito necesario que o adquirente titular do vehículo subvencionable acredite a baixa definitiva en circulación dun vehículo matriculado en España, sendo o seu titular no Rexistro de

Vehículos da Dirección Xeral de Tráfico, mediante a presentación do correspondente certificado acreditativo da baixa definitiva do vehículo.

Neste caso, o destinatario último da axuda, que será adquirente titular do vehículo subvencionable, ou o arrendatario do vehículo no caso das operacións de *renting* ou *leasing* operativo, poderá acreditar a baixa definitiva en circulación do vehículo que se vaia achatarar no Rexistro de Vehículos da Dirección Xeral de Tráfico mediante a presentación do correspondente certificado acreditativo da baixa definitiva do vehículo. O vehículo que se vaia achatarar deberá ser, indistintamente, de categoría M1 ou N1 e estar matriculado en España con anterioridade ao 15 de xuño de 2020. A antigüidade do vehículo deberá ser maior de dez anos no caso da categoría M1, e maior de sete anos no caso da categoría N1. Para efectos de antigüidade dos vehículos, considerarase desde a súa data de primeira matriculación ata a data de solicitude de axuda, ou ata a data de matriculación do novo vehículo adquirido se esta última fose anterior. Adicionalmente, e independentemente da súa categoría, o vehículo que se vaia achatarar deberá ter tido en vigor a inspección técnica de vehículos (ITV) cando menos na data de publicación do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19. O destinatario último da axuda deberá, ademais, ter a titularidade do vehículo achatarado cando menos durante os doce meses anteriores á data de solicitude da axuda, así como presentar o último recibo do imposto de vehículos de tracción mecánica, debidamente aboado, cando menos, desde 2019.

5. Para os vehículos eléctricos pertencentes á categoría L exíxese:

1.º Estar propulsados exclusivamente por motores eléctricos e estar homologados como vehículos eléctricos.

2.º As motocicletas eléctricas novas (categorías L3e, L4e e L5e) susceptibles de axuda deben ter baterías de litio, motor eléctrico cunha potencia do motor igual ou superior a 3 kW, e unha autonomía mínima de 70 km.

6. As adquisicións de vehículos por medio de operacións de financiamento por *renting* só poderán ser obxecto de axuda a condición de que:

a) O correspondente contrato de arrendamento estableza unha duración mínima de dous anos desde a data da súa entrada en vigor e cuxa formalización sexa, en todo caso, igual ou posterior ao 15 de xuño de 2020.

b) O contrato de arrendamento deberá establecer expresamente que o arrendatario é o destinatario último da axuda que se outorgue, e deberá constar neste, tamén expresamente, que unha vez que a empresa de *renting* reciba o pagamento do importe desta, nesa data aplicará o total da dita axuda á redución das cotas de pagamento ou renda do arrendamento que queden por satisfacer por parte do arrendatario.

c) O contrato recollerá que, en caso de que o importe da suma das cotas por aboar fose inferior ao importe da axuda, o excedente de axuda pendente de aboar ao destinatario último deberá ser aboado pola compañía de *renting* ao destinatario último no momento da finalización do contrato de arrendamento. O arrendatario, por tanto, como destinatario último da axuda, será quen deba cumprir os requisitos e incompatibilidades que se prevén neste real decreto lei.

d) No caso das operacións de *renting*, en todos os supostos, o destinatario último da axuda asinará un documento de cesión do dereito de cobramento a favor da compañía de *renting* que formalice a operación.

7. No marco deste programa establécese un límite de adquisición de vehículos por parte dun mesmo beneficiario de ata un máximo de trinta vehículos para o caso de entidades privadas con personalidade xurídica. Para o caso de persoas físicas e profesionais autónomos, establécese un límite dun vehículo por beneficiario. Os límites de axuda por beneficiario serán os indicados no conxunto das distintas categorías obxecto de apoio, salvo que o dito límite deba ser menor por ter alcanzado o solicitante o límite de axudas establecido no Regulamento «de *minimis*».

Artigo 2. *Distribución do orzamento total das axudas.*

O orzamento total das axudas que se vai conceder distribuirase da seguinte maneira:

- a) Turismos, furgonetas lixeiras e motocicletas: 230.000.000 de euros.
 - a. Turismos (M1): 200.000.000 de euros.
 - b. Furgonetas lixeiras (N1): 25.000.000 de euros.
 - c. Motosicletas (L3, L4, L5 e L3e, L4e, L5e): 5.000.000 de euros.
- b) Autobuses e autocares (M2, M3), furgóns, camiións lixeiros e camiións (N2, N3): 20.000.000 de euros.

Artigo 3. *Contía das axudas.*

1. Establécense as seguintes contías individuais de axuda, en euros, sendo:

- Límite prezo venda: o prezo de venda ao cliente no momento de solicitar a subvención antes de IVE ou IXIC.
- CERO, ECO, C: clasificación do vehículo no Rexistro de Vehículos da Dirección Xeral de Tráfico.
- A, B: clasificación enerxética do vehículo na «Base de datos do IDAE de consumo de carburantes e emisións de CO₂ en coches novos».
- Particular, autónomo, peme, grande empresa: natureza do solicitante.
- MMTA (kg): masa máxima tecnicamente admisible.

a) Categoría M1

		Contía axuda estatal (€)						
		Particulares ou autónomos		Peme		Grande empresa		
	Límite prezo venda (€)	Motorización	A	B	A	B	A	B
CERO	45.000	BEV, REEV, Pila combustible	4.000		3.200		2.800	
		PHEV	2.600		2.300		2.200	
ECO(1)	35.000	-	1000	600	800	500	700	450
C			800	400	650	350	550	300

(1) No caso de vehículos de gas que se recollen no artigo 1, punto 3 b) deste anexo que non dispoñen de etiqueta enerxética, as axudas serán de 800 € para particulares, 700 euros para Peme e 600 euros para grande empresa.

O límite de prezo de venda indicado fixado en 35.000 euros increméntase ata os 45.000 euros no caso de que o solicitante sexa unha persoa con mobilidade reducida.

b) Categoría N1

		Contía axuda estatal (€)		
	MMTA (kg)	Particulares ou autónomos	Peme	Grande empresa
CERO	Menos de 2.500	4.000	3.200	2.800
ECO		1.200	950	850
C		1.000	800	700

	MMTA (kg)	Contía axuda estatal (€)		
		Particulares ou autónomos	Peme	Grande empresa
CERO	2.500 ou máis	4.000	3.200	2.800
ECO		2.700	2.200	1.900
C		2.100	1.700	1.500

c) Categorías M2, N2, M3, N3

Motorización	Categoría	MMTA (kg)	Contía axuda estatal (€)
Todas as tecnoloxías	M2, N2	–	2.000
	M3, N3	Menos de 18.000	2.000
		18.000 ou maior	4.000

d) Categorías L3, L4, L5, e L3e, L4e, L5e

Motorización	Límite prezo venda (€)	Potencia motor (kW)	Autonomía (km)	Contía axuda estatal (€)		
				Particulares ou autónomos	Peme	Grande empresa
BEV	10.000	Igual ou maior a 3	70	750	750	700
Gasolina	8.000	-	-	400	300	200

2. Ás contías anteriormente indicadas aplicaráselles unha axuda adicional en función dos seguintes criterios:

a) Beneficiarios con mobilidade reducida. Para os casos de adquisición de vehículos de categoría M1 por destinatarios últimos que sexan persoas físicas con mobilidade reducida e vehículo adaptado ou que se adapte para a súa conducción, sempre que a adaptación conste na ficha técnica do vehículo adquirido, incrementarase a contía da axuda nun importe de 500 euros. Este incremento tamén se aplicará á adquisición de vehículos de categoría N1 por parte de profesionais autónomos que sexan persoas con mobilidade reducida e vehículo adaptado ou que se adapte para a súa conducción.

b) Beneficiarios que pertencen a fogares cuns ingresos mensuais inferiores a 1.500 euros. No caso de que o solicitante sexa unha persoa física que pertenza a un fogar cuns ingresos mensuais inferiores a 1.500 euros e se acredite tal punto mediante declaración responsable no cuestionario de solicitude, incrementarase a contía da axuda en 500 euros na adquisición dun vehículo da categoría M1 ou N1.

c) Axuda adicional por achatarramento de vehículos de máis de 20 anos.

Para os casos de adquisición de vehículos de categoría M1 ou N1 por destinatarios últimos que sexan persoas físicas ou profesionais autónomos, incrementarase a contía da axuda nun importe de 500 euros sempre e cando se achatarre un vehículo das ditas categorías de máis de vinte anos de antigüidade. En calquera caso, o vehículo achatarrado deberá cumprir as condicións recollidas no artigo 1, punto 4.e), deste anexo.

3. Na adquisición dun vehículo das categorías M1 e N1 establécese para os concesionarios e puntos de venda a realización dun desconto obrigatorio e equivalente da mesma contía que a axuda estatal, cun límite máximo de 1.000 euros. O dito desconto deberá reflectirse na factura de venda do vehículo adquirido emitida por parte do fabricante/

importador, concesionario ou punto de venda, ao destinatario último da axuda, de forma específica e desagregada, sinalando a expresión «desconto aplicado por Programa Renove».

4. No caso de que o solicitante da axuda sexa unha empresa, esta deberá declarar na solicitude de axuda a súa condición de Peme ou grande empresa, segundo se define no anexo I do Regulamento (UE) n.º 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014.

Artigo 4. *Formalización e presentación de solicitudes.*

1. As solicitudes de axuda realizaranse cubrindo o formulario dispoñible na aplicación informática segundo o seguinte procedemento:

a) A través da aplicación informática para o efecto, os interesados nas axudas obxecto do presente programa poderán realizar a busca das marcas, modelos e versións dos vehículos das categorías M1 e o resto de categorías de vehículos que utilicen combustibles alternativos potencialmente susceptibles de apoio.

b) Para realizar a solicitude, o solicitante deberá cubrir de forma electrónica o formulario de solicitude de axuda, indicando os datos básicos da operación, relativos ao beneficiario e ao vehículo obxecto de axuda, que seleccionará da listaxe que lle aparecerá na aplicación informática para os vehículos das categorías L, M e N. Unha vez seleccionado o vehículo obxecto de apoio, a propia aplicación indicarlle o importe da axuda que lle corresponda no marco do Plan Renove 2020 tal e como se establece no artigo 3 deste anexo. Na dita solicitude deberanse seleccionar, cando corresponda, nos casos particulares recollidos no artigo 3, punto 2 deste anexo, a opción correspondente, con obxecto de que o solicitante poida obter a axuda adicional establecida para estes casos no citado artigo e punto. En calquera dos casos indicados neste parágrafo, os datos introducidos non serán emendables.

c) Tras cubrir todos os datos necesarios, a solicitude de axuda cargarase na aplicación informática, co que quedará rexistrada e se realizará automaticamente unha reserva de orzamento asociada a esta e polo importe que lle corresponda. Xunto coa dita solicitude, o solicitante deberá cargar documento acreditativo de pedido do vehículo, así como documento xustificativo de pagamento do sinal económico entregado ao concesionario, se é o caso. Tras iso, o solicitante recibirá un correo electrónico, dirixido ao enderezo achegado para tal efecto, que confirma a dita solicitude, así como o importe de axuda asignado a esta.

d) Unha vez realizada a solicitude e cargada a documentación indicada no punto anterior, o solicitante disporá de cento vinte días no caso de vehículos M1 e N1 e de cento oitenta días no caso de vehículos N2, N3, M2 e M3 para cargar na aplicación informática toda a documentación correspondente, segundo se indica no artigo 5. Tras cargar o resto da documentación exixida, esta quedará pendente de revisión e validación por parte do órgano xestor.

e) No caso de que a solicitude ou documentación cargada telematicamente na aplicación non reúna os requisitos exixidos, requirirase o solicitante para que, nun prazo de 10 días, emende a deficiencia. O incumprimento deste prazo de emenda suporá a inadmisión da correspondente solicitude e a anulación automática desta. Non se considerarán emendables aqueles datos ou documentos que impliquen unha modificación da contía da axuda (axudas adicionais recollidas no artigo 3.2, modificación do tipo de beneficiario, etc.), así como aqueles datos básicos do beneficiario e/ou vehículo (nome ou razón social, DNI/NIF/CIF, natureza xurídica do beneficiario, matrícula, vehículo, categoría, combustible ou tecnoloxía, etc.), dado que son campos clave relacionados co orzamento do Plan Renove 2020 e, por tanto, non se poderá modificar o sinalado na solicitude. A documentación que se vaia cargar na aplicación deberá ser coherente coa marcación dos correspondentes recadros.

f) No caso de esgotamento de orzamento, será posible seguir presentando solicitudes de axuda na aplicación informática correspondente, que entrarán a formar parte dunha

lista de espera, e que serán atendidas por rigorosa orde de presentación supeditada a que se produzan anulacións en solicitudes anteriores que liberen orzamento.

2. A validez do documento de solicitude de axuda encóntrase condicionada á veracidade de todos e cada un dos datos cubertos neste. En caso de anulación voluntaria da solicitude de axuda por parte do solicitante, este remitirá un correo electrónico que se especificará coa identificación da solicitude e os seus datos (nome e DNI, NIE ou NIF), e recollerá a súa solicitude de anulación.

3. De conformidade co artigo 22.4 do Regulamento da Lei xeral de subvencións, a presentación da solicitude para a obtención de axuda comportará a autorización do solicitante para que o órgano concedente obteña de forma directa a acreditación do cumprimento de obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social. Non obstante, o solicitante poderá denegar expresamente o consentimento. Neste caso e no momento de realizar a solicitude deberá achegar os certificados emitidos polos órganos competentes que acrediten o cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

Así mesmo, o solicitante deberá acreditar, mediante declaración responsable, non ter pendente obriga ningunha por reintegro de axudas coa Administración xeral do Estado e os seus organismos e entidades públicas dependentes ou vinculados. Igualmente, deberá acreditar, e da mesma maneira, que non está suxeito a unha orde de recuperación pendente, tras unha decisión previa da Comisión Europea que declarase unha axuda ilegal e incompatible co mercado común.

4. En aplicación dos artigos 27.6 e 35 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, así como do artigo 32 do Real decreto 1671/2009, do 6 de novembro, do seu desenvolvemento parcial, a presentación de calquera documentación xustificativa complementaria á solicitude achegarase mediante copia dixitalizada desta, cuxa fidelidade co orixinal se garantirá mediante a utilización de sinatura electrónica avanzada.

5. O órgano instructor, nos termos previstos na Lei 11/2007, do 22 de xuño, poderá requirir o solicitante a exhibición da documentación orixinal en calquera fase do procedemento. A dita documentación deberá conservarse, como mínimo, durante un prazo de catro anos a partir da data de resolución de concesión e mentres non prescriba o dereito da Administración a exixir o reintegro segundo o previsto no artigo 39 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. Procederá, se é o caso, o reintegro da axuda correspondente concedida ao beneficiario, nos termos establecidos polo artigo 12, se este non presenta tales orixinais nun prazo máximo de 15 días, contados desde o día seguinte a que esta llo requirise en tal sentido, considerándose tal circunstancia como un incumprimento da obriga de xustificación do destino da axuda outorgada.

6. A presentación da solicitude comportará a conformidade do solicitante para recibir todas as comunicacións e notificacións que se realicen ao longo da tramitación do expediente por medios electrónicos, de acordo co previsto na Lei 11/2007, do 22 de xuño, e no Real decreto 1671/2009, do 6 de novembro.

As comunicacións aos interesados publicaranse na aplicación informática desenvolvida para o efecto, para a súa consulta electrónica polos interesados que, previamente, deberán identificarse de forma segura. A publicación das comunicacións na aplicación informática substituirá a notificación e producirá todos os efectos respecto dos interesados.

7. Cando os interesados sexan persoas xurídicas e para efectos da práctica das notificacións por medios electrónicos, será obriga daquelas informar os órganos actuantes dos cambios na representación da entidade en canto se produzan. O cambio farase efectivo para aquelas notificacións que se emitan a partir do día seguinte á recepción da comunicación do cambio de representante da entidade. Consideraranse correctamente practicadas as notificacións anteriores a esa data dirixidas ao representante que figure no expediente.

8. Para a realización da solicitude e xestión da documentación exixida, o interesado poderá nomear un representante, que deberá estar autorizado polo interesado para tal efecto.

Artigo 5. *Documentación que hai que presentar.*

1. As solicitudes de axuda completaranse coa seguinte documentación dixitalizada. Os ficheiros electrónicos que se acheguen deberán estar en formato PDF (Portable Document Format):

a) Cando se supere un importe de 3.000 euros na axuda ou axudas que puidesen ser outorgadas a un mesmo solicitante ou interesado, este estará obrigado a achegar certificado de estar ao día das obrigas tributarias expedido para tal efecto pola Axencia Estatal de Administración Tributaria e de estar ao día das obrigas fronte á Seguridade Social, conforme co previsto polo artigo 22 do Regulamento da Lei xeral de subvencións. O dito certificado deberá ter sido expedido con data posterior á publicación do real decreto lei no «Boletín Oficial del Estado».

b) Fotocopia da ficha técnica (tarxeta ITV) do vehículo adquirido.

c) Fotocopia do permiso de circulación do vehículo adquirido emitido pola Dirección Xeral de Tráfico.

d) Fotocopia da factura de venda do vehículo. A data de venda deberá ser igual ou posterior ao 15 de xuño de 2020. Non serán admisibles as autofacturas.

A factura deberá reflectir o desconto no prezo de adquisición a que se refire o artigo 3, punto tres, deste anexo, realizada polo concesionario no momento de realizar a venda do vehículo.

Na factura, que deberá estar asinada e selada polo concesionario, deberá constar a matrícula ou número de bastidor, marca, modelo e versión do vehículo adquirido. Así mesmo, deberá constar o prezo franco fábrica, outros custos, outros posibles descontos, base imponible, IVE ou IXIC aplicable, prezo despois de impostos, e total a pagar ou total factura a pagar por parte do beneficiario adquirente.

En todo caso, a factura de venda deberá cumprir co disposto polo Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, aprobado polo artigo 1 do Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.

e) Documentos xustificativos do pagamento da factura de compravenda do vehículo. Admitiranse todos os xustificantes de pagamento que permitan identificar o vehículo obxecto da subvención. Consideraranse válidos aqueles xustificantes de pagamento que permitan identificar:

i. O beneficiario: debe quedar claro que o único pagador é o destinatario final da axuda.

ii. O terceiro (punto de venda ou concesionario) que percibe as cantidades pagadas.

iii. A data de pagamento (data valor) ou saída efectiva dos fondos do destinatario último da axuda.

iv. O vehículo obxecto da subvención.

v. Nos casos de *renting*, a empresa arrendadora.

Segundo se establece no artigo 7 da Lei 7/2012, do 29 de outubro, de modificación da normativa tributaria e orzamentaria e de adecuación da normativa financeira para a intensificación das actuacións na prevención e loita contra a fraude, non poderán pagarse en efectivo as operacións en que algunha das partes intervinientes actúe en calidade de empresario ou profesional, cun importe igual ou superior a 2.500 euros. Para efectos do cálculo deste límite, sumaranse os importes de todas as operacións ou pagamentos en que se puidese fraccionar a entrega de bens.

f) Respecto do vehículo achatarrado:

i. Fotocopia do «Certificado acreditativo da baixa definitiva do vehículo», por parte do correspondente centro autorizado de tratamento de vehículos (CAT), en nome da Dirección Xeral de Tráfico ou, na súa falta, informe do Rexistro Xeral de Vehículos da correspondente xefatura provincial de Tráfico, que acredite a baixa definitiva.

ii. Fotocopia do anverso e reverso da ficha técnica (tarxeta ITV) do vehículo achatarrado onde conste a data da última inspección técnica de vehículos e a data de caducidade desta, de maneira que a inspección técnica estea vixente na data de entrada en vigor deste programa, e fotocopia do permiso de circulación do vehículo onde conste a súa data de primeira matriculación, data de matriculación en España e data de expedición. En ausencia de calquera destes documentos, achegarase o Informe da Dirección Xeral de Tráfico co historial do vehículo.

iii. Fotocopia do recibo do imposto de vehículos de tracción mecánica do vehículo achatarrado, debidamente aboado, cando menos desde o exercicio de 2019.

g) Xustificante do recoñecemento na Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira da conta bancaria do solicitante para o aboamento da axuda.

h) No caso de profesionais autónomos, certificado de alta no Censo de empresarios, profesionais e retedores expedido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

i) No caso de persoas físicas que acrediten a súa mobilidade reducida, certificado que emiten os órganos de valoración competentes do Instituto de Maiores e Servizos Sociais (Imsero) ou das comunidades autónomas. No caso de que o solicitante sexa unha persoa física que pertenza a un fogar cuns ingresos mensuais inferiores a 1.500 euros, deberá declarar responsablemente o dito aspecto no cuestionario de solicitude de axuda.

j) Para as empresas:

i. Certificado do Rexistro Mercantil ou, na súa falta, poder notarial. En calquera dos casos, deberá aparecer o asinante da solicitude da axuda como representante legal da empresa.

ii. Fotocopia do certificado de inscrición no Censo de empresarios, profesionais e retedores.

k) No caso de *renting* ou *leasing* operativo, ademais dos documentos anteriores, achegarase fotocopia do contrato de *renting* ou *leasing* operativo, que estableza unha duración mínima de dous anos e onde figure como arrendatario deste o solicitante de axuda ou potencial destinatario final dela. O dito contrato deberá ter sido suscrito con data igual ou posterior ao 15 de xuño de 2020 e terá que recoller, expresamente, que o arrendatario será o beneficiario da axuda do Plan Renove 2020, así como a aplicación do total da axuda outorgada á redución das cotas ou renda do arrendamento que se vaian satisfacer por parte do dito arrendatario, especificando o importe correspondente ás ditas cotas antes da aplicación da axuda e o mesmo importe despois da súa aplicación. Ademais, incluírase expresamente que a empresa de *renting* repercutirá o total da axuda nas cotas do arrendatario que queden por aboar con efectos desde a data en que a empresa de *renting* reciba o importe da axuda. En caso de que o importe da suma das cotas por aboar fose inferior ao importe da axuda, o contrato de *renting* deberá recoller tamén a forma e prazo de aboamento do excedente de axuda ao destinatario último, na finalización do contrato de arrendamento.

l) Documento xustificativo de pedido do vehículo, así como documento xustificativo de pagamento do sinal económico entregado ao concesionario, se é o caso. Ambos os documentos deberán achegarse xunto coa solicitude de axuda, o que posibilitará a reserva de orzamento ao dito solicitante e vehículo.

m) O xustificante do recoñecemento da conta bancaria do beneficiario, recoñecida polo Tesouro Público, achegarase cos documentos xustificativos da adquisición do vehículo indicados.

n) En caso de que o interesado así o considere, autorización do interesado a un terceiro como representante que o habilite para presentar a solicitude no seu nome, así como para a xestión da documentación exixida e para recibir notificacións. A dita autorización deberá estar asinada por ambas as partes.

2. Non será necesario achegar a documentación indicada nas letras a) e h), sempre e cando o interesado preste o seu consentimento expreso na solicitude de axuda para que

os seus datos de identidade persoal poidan ser consultados mediante o Sistema de verificación de datos de identidade establecido na Orde PRE/3949/2006, do 26 de decembro, pola que se establece a configuración, características, requisitos e procedementos de acceso ao Sistema de verificación, conforme o disposto polo Real decreto 522/2006, do 28 de abril, polo que se suprime a achega de fotocopias de documentos de identidade nos procedementos administrativos da Administración xeral do Estado e dos seus organismos públicos vinculados ou dependentes.

3. Toda a documentación que se vaia cargar na aplicación deberá ser coherente co indicado na solicitude de axuda ou, se é o caso, proceder á anulación da solicitude orixinal e realizar unha nova solicitude. A presentación de documentos en branco ou de documentos distintos aos requiridos será motivo de denegación da solicitude.

4. A presentación da documentación xustificativa referida nos puntos precedentes non obsta a eventual aplicación de controis ulteriores para verificar a efectiva existencia e condicións concretas da adquisición obxecto da axuda.